



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e literatura galegas

Curso Académico: 2016-2017

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras
 - Accións de mellora previstas para o curso 2017-2018 e seguintes
 - Grao de cumprimento do plan de melloras do IRA e/ou do Seguimento do Plan de Viabilidade
 - Grao de cumprimento do plan de melloras do informe *Alegaciones y plan de mejoras del graduado o graduada en lengua y literatura gallegas*
 - Grao de cumprimento das accións de melloras de IS precedentes que non foran executadas no prazo previsto ou que están en fase de execución
 - Grao de cumprimento do plan de melloras do Seguimento do Plan de Viabilidade

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e literatura galegas
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	--
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo se indica no apartado 1.1 do Informe de Renovación da Acreditación (en adiante IRA) do Grao en Lingua e Literatura Galegas (en adiante GLLG), o título mantén a súa relevancia de acordo cos requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional. No IRA, ao que remitimos para unha xustificación máis detallada, indicabamos que a principal saída laboral da titulación era a docencia na Educación Secundaria, tal e como se recollía na Memoria de verificación do título (en adiante MV), e sinalabamos así mesmo que, de acordo coas nosas previsións, en breve prazo se convocarían oposicións para cubrir prazas de lingua e literatura galegas no Ensino Medio. Efectivamente, no curso 2016-2017 convocáronse 50 prazas da citada especialidade. Unha porcentaxe moi elevada desas prazas foi cuberta por titulados da USC. No curso 2017-2018 tivo lugar unha segunda convocatoria de oposicións para a especialidade de lingua e literatura galegas. Así mesmo, durante o curso 2016-2017 convocáronse dez prazas de lectorados e oito bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Con respecto á adecuación do título ás principais saídas laborais existentes, cómpre engadir ao indicado no apartado 1.1 do IRA que no curso 2016-2017, de acordo co previsto, se implementou a materia *Ensino do galego como segunda lingua e como lingua estranxeira*, e que propoñemos agora unha nova modificación no Maior Plus consistente na oferta da materia *Teoría e práctica da tradución literaria en galego* en substitución de *A literatura infantil e xuvenil galega* (vid. 1.2).

En relación coa adecuación académica, tecnolóxica e científica, no IRA sinalabamos que no curso 2016-2017 celebraríamos as *III Xornadas de lingua e literatura galegas no ensino*, tal e como se recolle na Acta da Comisión do GLLG do 23/06/2017. Estas xornadas, celebradas regularmente, teñen por obxectivo establecer un marco de encontro entre o profesorado universitario e o profesorado de lingua e literatura galegas de Educación Secundaria, a través da análise de diversos temas de interese para uns e outros. Finalmente, por razóns de carácter organizativo, as xornadas (*Ensinar galego desde o multilingüismo e a variedade. Enfoques e experiencias*) foron adiadas e tiveron lugar o 17 e 18 de novembro de 2017 cun gran número de matriculados. Vid. a este respecto o seguimento das accións de mellora (en adiante AM) do Informe de Seguimento (en adiante IS) do curso 2014-2015 que se realiza neste mesmo informe, concretamente a AM-1.

Finalmente, cómpre sinalar que no *Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación* do GLLG se recoñece a actualización e relevancia do GLLG: "el perfil formativo del título mantiene su relevancia y está actualizado según los requisitos de su ámbito académico, científico y profesional".

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias do GLLG correspóndese en liñas xerais co establecido na MV, aínda que se produciron algunhas modificacións que perseguen a mellora do título, que se detallan e xustifican no apartado 1.2 do IRA. Neste informe propoñemos ademais, tal e como indicamos no apartado 1.1, a incorporación no módulo de especialización en lingua e literatura galegas, Maior Plus, (3º curso, 1º semestre) da nova materia *Teoría e práctica da tradución literaria en galego*. Esta materia substituiría a materia do mesmo curso e semestre *A literatura infantil e xuvenil galega* (G5051342). No apartado 2.3.2 do Plan de Viabilidade do GLLG comprometiámonos a ofrecer un módulo de especialización máis profesionalizante. Por tal motivo, a partir do curso 2016-2017 levamos a cabo a substitución da materia *Cinema e literatura galega* por *Ensino do galego como segunda lingua e lingua estranxeira*. É a nosa intención realizar agora unha segunda modificación na mesma liña, ofrecendo unha materia que contribúa á formación dos nosos estudantes noutro ámbito do mundo laboral, o da tradución. Moitos filólogos realizan labores de tradución (sexa como autónomos, en editoriais etc.) e consideramos que é conveniente que poidan adquirir unha formación básica neste aspecto. Por outro lado, na enquisa que se lles realizou ao alumnado de 1º curso do 2017-2018 na xornada de benvinda, preguntouse polos seus intereses laborais. Despois da docencia, a tradución é o campo de traballo polo que os estudantes da nosa Facultade mostran maior interese (vid. E3, 2501098__enquisas_1_2017-2018).

Por outro lado, propoñemos a substitución da materia *A literatura infantil e xuvenil galega* por ser unha das menos solicitadas nos últimos cursos (2 matriculados no curso 2015-2016, 1 no 2016-2017), polo seu carácter non profesionalizante e pola convición de que, entre as materias ofertadas no Maior Plus, é probablemente a que ten un peor encaixe no programa de estudos do noso grao. Materias similares son estudadas en títulos de Ciencias da Educación.

Esta é a ficha da nova materia que propoñemos:

Nome da materia	<i>Teoría e práctica da tradución literaria en galego</i>
Contidos	Nocións básicas da teoría da tradución. Tipos, métodos, modalidades e procedementos técnicos de tradución. Problemas concretos de tradución. Historia da tradución literaria en Galicia. Prácticas de tradución.
Distribución horaria	16 expositivas / 32 interactivas de laboratorio / 3 titorías programadas
Curso e semestre	3º curso, 1º semestre

Por outro lado, no curso 2018-2019 implementárase a modificación substancial autorizable aprobada no curso 2016-2017 (véxase Acta da Xunta de Facultade do 08/05/2017) e relativa aos módulos complementario e optativo do Grao en Filoloxía Clásica que se ofertan nos outros títulos de grao da Facultade, entre eles o Grao en Lingua e Literatura Galegas. As modificacións e a súa xustificación recóllense no apartado correspondente ás Modificacións deste IS.

Con respecto ao desenvolvemento das actividades académicas, no IRA sinalabamos a detección dunha serie de discrepancias entre o indicado nas fichas das materias na MV e o recollido nas programacións das diferentes materias. De xeito similar, no informe de avaliación para a renovación da acreditación indicábase:

"Se han detectado desajustes entre la memoria verificada del grado y las guías docentes publicadas en la web, sobre todo en lo que respecta a contenidos, competencias y sistemas de evaluación. Se deben revisar las guías docentes para garantizar al máximo ese ajuste o revisar la memoria, por si fuera necesario realizar una modificación por el procedimiento legal establecido".

Para atender a este desaxuste, no informe "Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y

Literatura Gallegas" (en adiante IA) propuñamos a AM-01 consistente en detectar discrepancias entre programacións e memoria e adoptar medidas de cara a asegurar o axuste entre elas. As tarefas 1-3 e parcialmente a tarefa 7 foron xa executadas, de xeito que neste momento dispoñemos dunha listaxe de discrepancias entre memoria e programacións. Algunhas delas foron xa solventadas mediante a modificación dos programas e das guías docentes (tarefa 4), pero noutros casos cómpre unha análise máis demorada. Acordouse establecer unha pauta de actuación común para todos os graos da Facultade en relación co proceso de modificación das memorias. Con esta finalidade está prevista unha reunión coa Área para a Calidade e Mellora dos Procedementos (en adiante ACMP). Para máis detalles vid. o seguimento desta AM na parte final do informe.

En relación co tamaño dos grupos, tal e como se pode comprobar en 2501098_MedUSC, é adecuado ás actividades formativas. No caso dos grupos de teoría a media é de 24,56 (media da USC 59,93) e no caso dos grupos de prácticas de 17,38 (media da USC 22,62).

Con respecto á participación do alumnado en programas de mobilidade, como nos anos precedentes, e de acordo co esperado tendo en conta as características da nosa titulación, o número de estudantes de mobilidade entrante é escaso (2 alumnos, un da Aichi Prefectural University de Xapón e outro da Université Sorbonne Nouvelle de París). Si é de destacar o aumento do número de estudantes de mobilidade saínte no curso 2016-2017, que atinxiu a cifra e porcentaxe máis alta desde a implantación da titulación: 6 alumnos, 3 Erasmus (2 a Portugal e 1 a Reino Unido) e 3 SICUE, o que supón o 5,08% do total de matriculados. Este aumento da mobilidade saínte considérase moi positivo. As cifras e porcentaxes poden comprobarse en INF.03 e IN17G-PC-08.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes poidan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se informa no IRA, o GLLG dispón de mecanismos de coordinación vertical e horizontal. No que respecta á coordinación vertical, no curso 2016-2017 celebráronse as reunións de coordinación temática, que teñen carácter bianual. Estas xuntanzas serviron tanto para a revisión e adecuación dos contidos das diferentes materias do título vinculadas tematicamente, como para a revisión conxunta da adecuación dos contidos da programación e da MV (vid. apartado 1.2). Nomeáronse coordinadores para as diferentes reunións, que elaboraron as correspondentes actas, tal e como se recolle na Acta da Comisión do GLLG do 23/06/2017.

Con respecto á coordinación horizontal, celebráronse as reunións cos estudantes que se organizan todos os anos (unha reunión para cada curso). Os coordinadores de curso elaboraron as actas correspondentes e a partir delas, a coordinadora da titulación redactou un informe que se fixo chegar ao profesorado de lingua e literatura galegas con docencia no GLLG, tal e como se recolle na Acta da Comisión do GLLG do 27/06/2017. Neste informe tamén se recolle a información máis relevante sobre os resultados das enquisas que se lles realizaron aos estudantes de 1º e de 4º curso do GLLG. A elaboración desta enquisa figuraba como acción de mellora no IRA (AM1.3_II) e os resultados coméntanse en 7.2.

Por outro lado, e como resultado das reunións de coordinación co alumnado, fixéronse chegar tres queixas dos estudantes do GLLG ao Decanato relativas a tres materias básicas (non vinculadas coa lingua ou a literatura galegas), co rogo de que se discutisen na Comisión de Títulos de Grao. O escrito foi discutido na citada Comisión (vid. acta do

13/07/2017) e será enviado un informe aos coordinadores de títulos ou áreas afectadas, co rogo de que corrigan as incidencias de cara á programación do curso 2018-2019. O informe que recolle as queixas dos estudantes figura como anexo na Acta da Comisión do GLLG do 27/06/2017.

Por outro lado, no curso 2016-2017 depositouse un documento sobre presentación de traballos escritos nas aulas virtuais de coordinación e outro sobre recursos para o uso e aprendizaxe do galego. Ambos os documentos están a disposición do alumnado dos catro cursos do GLLG (AM1.3_I_1 e AM1.3_I_2 do IRA).

Ademais, desde o curso 2016-2017, despois da reunión de benvinda xeral ao alumnado de 1º curso (de todas as titulacións) que organiza o Decanato, a coordinadora do GLLG e a coordinadora de 1º curso celebran unha xuntanza co alumnado de 1º do GLLG en que se presentan, lles entregan un documento con orientacións prácticas e resolven as dúbidas que teñan. A reunión do curso 2016-2017, que dá conta da AM1.3_III do IRA, celebrouse o 12/09/2016, tal e como se recolle na Acta da reunión de coordinadores de curso celebrada o 03/10/2016 que se fixo chegar coa documentación anexa ao IRA.

Con respecto á coordinación entre o campus de Santiago e Lugo, en reunión da Comisión do GLLG celebrada o 04/10/2016, tomamos a decisión de reforzar os mecanismos de coordinación. Neste sentido, e respondendo á AM1.3_IV do IRA, o 22/05/2017 mantivemos unha reunión coa coordinadora do Grao en Lingua e Literatura Españolas, grao en que se ofertan as materias de lingua e literatura galegas do campus de Lugo, para reflexionar sobre as medidas que se deben adoptar para asegurar unha maior coordinación entre o profesorado de ambos os campus (desta xuntanza dáse conta na acta da Comisión do GLLG do 23/06/2017). Seguindo o acordado nesas reunións, a partir do curso 2016-2017, envíase un correo electrónico asinado polos coordinadores de ambos os títulos aos docentes de materias comúns ao Maior do GLLG (no campus de Santiago de Compostela) e ao Minor do GLLG (no campus de Lugo), solicitando que consensúen os programas. Tamén se acordou que a coordinadora do GLLG lles lembraría aos coordinadores das reunións de coordinación temática a que aludimos previamente a necesidade de convocar a tales reunións as docentes en Lugo das materias compartidas con Santiago. Ademais, a coordinadora do GLLG verifica a exacta correspondencia dos programas da materias dos dous campus antes da súa aprobación polo Departamento. De igual modo, no momento de elaborar as guías docentes, a coordinadora contacta cos profesores coordinadores das materias lembrándolles a necesidade de incluír na guía docente, común a ambos os campus, tanto o profesorado do campus de Santiago como o profesorado do campus de Lugo (véxanse as guías docentes de *Lingua galega 1*, *Introdución á gramática galega* e *Historia da lingua galega* do curso 2017-2018).

En relación coas prácticas externas, no IRA propúñase unha AM para o curso 2016-2017 consistente en realizar unha reunión informativa para o alumnado en que participasen representantes das empresas ou entidades en que se ían desenvolver as prácticas (AM1.3_V). Esta reunión celebrouse o 15/09/2016.

Por outro lado, en reunión da Comisión do GLLG do 10/11/2016 propúxose unha coordinadora de prácticas para o GLLG (María Sol López Martínez) e en reunión da mesma comisión do 04/10/2016 nomeáronse distintos titores académicos para os estudantes do GLLG. Para coordinar os labores duns e outros, así como dos restantes axentes implicados (titores profesionais, coordinadores dos títulos e estudantes), creouse a Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía por acordo da Xunta de Facultade do día 08/07/2016, comisión que se constituíu o 12/01/2017 e que adoptou xa algunhas medidas para mellorar a xestión das prácticas externas, executando así a AM1.3_VI do IRA. Concretamente, durante o curso 2016-2017 a Comisión levou a cabo as seguintes tarefas:

1. Elaboración de fichas para que as empresas definan o proxecto formativo que ofrecen aos alumnos (reunión do 12/01/2017). Deste modo, a Comisión pode valorar a idoneidade do centro para a formación dos estudantes.
2. Aprobación dos criterios para a tramitación dos novos convenios de prácticas, que deben levar o visto e prace da comisión do título antes de seren aprobados pola Comisión de Prácticas Externas (vid. acta da reunión do 01/06/2017).
3. Elaboración dunha guía para estudantes e para titores académicos e profesionais (aprobada en reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017).
4. Mellora da información que figura na convocatoria de prácticas externas (tal e como se indica na acta da reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017, especificase no apartado 3 a composición da Comisión que resolverá a convocatoria, inclúense os criterios de selección dos candidatos e engádesse o apartado 6, con información relativa á presentación de recursos).

5. Elaboración dun modelo de informe para o titor profesional (aprobado en reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017).
6. Elaboración dun modelo para a Memoria de prácticas do estudante (aprobado en reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017). Nesta memoria, o alumno ou alumna debe especificar os obxectivos das prácticas realizadas, elaborar un breve organigrama da entidade en que realizou as prácticas, realizar unha exposición detallada e cronolóxica das actividades desenvolvidas, vincular as prácticas coas materias da titulación que lle resultaron máis útiles para o seu desenvolvemento, sinalar o grao de rendibilidade das prácticas e o seu valor como complemento da formación adquirida no título e finalmente facer unha valoración global e ofrecer suxestións de mellora. A través da memoria, os títulos académicos poden detectar posibles problemas no centro de prácticas ou no desenvolvemento das actividades, que comunicarán ao coordinador de prácticas do título de cara á mellora das prácticas externas do GLLG.

Os diferentes documentos a que acabamos de facer referencia aplicáronse por primeira vez nas prácticas correspondentes ao curso 2017-2018 e poden encontrarse en http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto ás vías de acceso, dos 29 estudantes matriculados no GLLG no curso 2016-2017, a maioría, de acordo co establecido na MV do título, accederon a este desde o Bacharelato e a través das Probas de acceso á universidade (24). Un dos matriculados accedeu desde a Formación Profesional, outro pola vía de acceso dos maiores de 25 anos, outro era xa titulado e finalmente dous mediante traslado de matrícula (IN03-PC-05). Tal e como se recolle no IN04G-PC-05, a maioría son estudantes que se matriculan por primeira vez no primeiro curso dun plan de estudos.

A nota media de acceso no curso 2016-2017 foi de 7,33, lixeiramente inferior á do curso precedente (IN06-PC-05). A porcentaxe de estudantes que accederon ao GLLG con nota igual ou superior a 6 foi do 56%, o cal non pode considerarse un dato positivo, pois nos cursos precedentes esa porcentaxe era considerablemente superior (75% no curso 2015-2016, 82% no 2014-2015). Trátase da segunda porcentaxe máis baixa desde a implantación do grao, só superada polo 50% do 2010-2011 e rompe a tendencia positiva que comentabamos neste mesmo apartado do IRA.

Como cabía esperar, e como se pode comprobar no IN08G-PC-05 e no INF.16, a gran maioría dos estudantes matriculados no GLLG proceden de Galicia.

A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05) no curso 2016-2017 é do 34%; unha porcentaxe que rompe a tendencia á alza dos cursos previos e que nos sitúa de novo nos resultados dos cursos máis afastados (30% no curso 2011-2012 e 36% no 2012-2013 e no 2013-2014). Con todo, as cifras de matrícula de 1ª opción deben valorarse esencialmente considerando a porcentaxe que supoñen sobre os estudantes de novo ingreso por preinscripción (ou de inicio de estudos) (IN04G-PC-05), que no curso 2016-2017 é de 28 estudantes. Na seguinte táboa recolleemos esa porcentaxe e a dos cursos previos:

Curso	Matrícula de inicio de estudos	N de matriculados en 1ª opción	% de matriculados en 1ª opción
2016-2017	28	17	60,7%
2015-2016	35	25	71,4%
2014-2015	33	25	75,8%
2013-2014	21	18	85,7%
2012-2013	24	18	75%
2011-2012	31	15	48,4%

Táboa 1. Matriculados en 1º opción entre os estudantes de inicio de estudos

Trátase da segunda porcentaxe máis baixa entre todos os cursos, o cal, evidentemente, non pode considerarse un dato positivo.

Os datos recollidos na enquisa que se lles realiza aos estudantes na xornada de benvinda que organiza a Facultade (vid. E3, 2501098_enquisas_1_2016-2017) amosan unha porcentaxe de matriculados en primeira opción algo máis alta, pero hai que ter en conta que esta enquisa só foi cuberta por 16 estudantes do GLLG, dos cales 11 sinalan que este grao foi a súa primeira opción (68,75%) e 5 que non (31,25%). Para establecer unha comparativa podemos sinalar que nesta mesma enquisa, os resultados globais para o estudiantado dos cinco graos filolóxicos foi de 82,6% para a primeira opción, fronte a un 17,4% para a resposta negativa.

Con respecto á porcentaxe de alumnos matriculados nos diferentes prazos de matrícula, estes son os datos que ofrece a CIUG para o curso 2016-2017 (INF.CIUG):

Prazo de matrícula

		1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º
Matrícula	Alumnos	10	12	14	16	16	16	24
	Porcentaxe	20%	24%	28%	32%	32%	32%	48%

Táboa 2. Número de estudantes matriculados en cada prazo de matrícula

Dos 24 alumnos dos que a CIUG ofrece información, só o 41,7% se matriculou no primeiro prazo de matrícula, o que contrasta negativamente coas cifras dos cursos anteriores que, sen seren positivas, eran superiores:

Curso	% de matriculados no 1º prazo
2016-17	41,7%
2015-16	51,4%
2014-15	51,5%
2013-14	69,6%
2012-13	54,2%
2011-12	51,5%

Táboa 3. Porcentaxe de matriculados no primeiro prazo de matrícula

Entre o 2º e o 6º prazo, que é previo ás probas de acceso á selectividade de setembro, matriculáronse 6 alumnos, isto é, o 25% (unha cifra superior á dos cursos previos, en que a porcentaxe máis alta correspondeu ao curso 2015-2016, co 17,2%) e os restantes matriculáronse entre o 7º e o 8º prazo, que se abre tras a realización das probas de setembro (8 estudantes, o 33,3%, porcentaxe similar á doutros cursos). Lémbrese que no mes de setembro o número de titulacións con prazas libres é reducido, de xeito que aínda que os estudantes escollan o GLLG como 1ª opción de matrícula, isto non implica necesariamente que sexa esta a titulación que queren cursar. Podemos concluír que no curso 2016-2017 algo máis do 40% dos estudantes ten o GLLG claramente como primeira opción de matrícula, mentres que no case 60% restante non podemos asegurar que sexa así (e de feito é moi probable que non o sexa nunha porcentaxe elevada dos casos).

O 9 de maio realizouse na aula da materia *Introdución á literatura galega 2* unha enquisa aos alumnos de 1º curso, tal e como se recolle na Acta da Comisión do GLLG do 23/06/2017. A enquisa foi cuberta por 13 estudantes do GLLG, dos cales 7 (algo menos do 54%) escolleran este grao como primeira opción de matrícula. Os 6 alumnos restantes tiñan como primeira opción inglés (2), español (1), educación infantl (1), farmacia (1) e bioloxía (1). Ante a pregunta "Cando tiveches máis ou menos claro o teu interese por estudar galego na universidade?", entre os 7 estudantes que elixiron o GLLG como primeira opción, 4 decidiran estudar este grao antes de 2º de Bacharelato, 2 en 2º de Bacharelato e 1 despois. Un dos alumnos que non ten o galego como 1ª opción escolleu o ítem "Realmente non teño especial interese en facer galego".

En relación cos factores que conduciron os alumnos a matricularse no GLLG, de acordo cos datos da enquisa, prima o interese polas linguas e pola lingüística, o compromiso coa lingua e a literatura galegas e a afección á literatura. En menor medida, as suxestións ou o exemplo de profesorado do Ensino Medio. Entre aqueles que non teñen o GLLG como

primeira opción prima o compromiso coa lingua e a literatura galegas e a afección pola literatura. Pero dous estudantes sinalan que escolleron o GLLG porque non tiñan unha opción mellor.

Sobre as cifras de matrícula, vid. 7.1.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2016-2017 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-2017, que se engaden ás xa recollidas no IRA, e que son de aplicación no curso 2017-2018:

(i) [Normativa do Traballo de Fin de Grao](#) das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta normativa foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión de 10 de xullo de 2017 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 19 de xuño de 2017, previo informe positivo das comisións de grao da Facultade de Filoloxía. Posteriormente foi aprobada polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017. De acordo coas previsións que figuraban neste mesmo apartado do IRA, a Normativa foi aplicada por primeira vez no curso 2017-2018.

ii) [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela](#), aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

(iii) [Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#), aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017.

O acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros, incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

(iv) [Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias](#), de 27 de abril de 2017

Esta instrución recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a solicitude, os criterios a ter en conta para conceder/denegar a devandita solicitude etc.

(v) [Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións](#), aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017.

Esta Resolución modifica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de

cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

(vi) [Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais nas titulacións de grao.](#)

A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a súa resolución e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudantes.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como complemento á información que figura neste mesmo apartado do IRA, cómpre sinalar que no mes de decembro de 2017, a USC modificou a aparencia da páxina web institucional. Esta modificación, ademais de corrixir algúns erros e engadir funcionalidades, posibilita que a web se poida visualizar moito mellor en dispositivos móbiles, de uso moi estendido entre o estudantado. Cómpre lembrar tamén que no curso 2016-2017 se creou un perfil na rede social Twitter para a difusión das actividades da Facultade de Filoloxía ou de relevancia para os distintos grupos de interese do Centro (vid. tarefa 2 da AM2.1_I do IRA).

Por outro lado, no INF.09 recóllense os resultados da enquisa de satisfacción dos egresados do GLLG. Algunhas das preguntas da enquisa refírense especificamente ao grao de satisfacción coa información recibida. Na táboa seguinte ofrecemos os datos de que dispoñemos, correspondentes aos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016. Os datos do curso 2016-2017 aínda non están dispoñibles:

Satisfacción coa información, xestión académica e reclamacións

Indica a idoneidade dos seguintes medios para obter información

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Oficina de Información Universitaria	2,00	3,12	2,50	3,22	3,00	3,27
Unidade de Xestión Académica	2,33	3,12	2,40	3,26	2,78	3,33
Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela	2,67	3,30	3,20	3,45	3,11	3,44
Información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións,...)	3,00	3,08	3,80	3,16	3,67	3,18
Outros (Folletos informativos, anuncios en prensa, publicidade en xeral...)	2,67	2,49	2,50	2,59	2,78	2,54

Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)

Táboa 4. Valoración sobre a información recibida na enquisa de satisfacción dos egresados co GLLG

No caso dos ítems 1, 2, e 5, a media no 2015-2016 é superior á dos cursos precedentes, o cal debe considerarse un aspecto positivo. Pola contra, diminúe lixeiramente en relación co curso previo a valoración sobre a páxina web da USC e sobre a información que se recibe na propia Facultade, aínda que mellora claramente en ambos os casos os resultados do 2013-2014. En calquera caso, debe destacarse que a valoración sobre a información que se ofrece na Facultade é sensiblemente superior á media da USC (3,67 vs. 3,18). A media relativa á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible pode encontrarse en IN23G-PC-12: 3,07 para o 2015-2016, a máis alta ata o de agora. Apréciase un aumento paulatino do grao de satisfacción que consideramos moi positivo.

Tamén posuímos datos sobre satisfacción coa información recibida dos estudantes de mobilidade entrante da Facultade de Filoloxía (os resultados non figuran desagregados por titulación). No bloque 2, correspondente a "Información previa", pídeselles aos estudantes que valoren a dificultade para acceder á información na páxina web da USC. Os datos son os que figuran na seguinte táboa:

Valora a dificultade para acceder á información na páxina web da USC

	Curso 12/13		Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17	
	Media centro	Media global	Media centro	Media global	Media centro	Media global	Media centro	Media global	Media centro	Media global
Buscar información sobre os teus estudos	2,71	3,30	3,00	3,41	3,46	3,50	3,45	3,42	3,13	3,44
Alopar información práctica sobre o campus de Lugo ou o de Santiago	2,80	3,36	2,98	3,41	3,38	3,38	3,39	3,37	3,13	3,28

Escala de valoración desde 1 (difícil) ata 5 (mol fácil)

Táboa 5. Valoración sobre a dificultade de acceso á información na enquisa de satisfacción dos alumnos de mobilidade entrante da Facultade de Filoloxía

Aínda que diminúe o grao de satisfacción con respecto aos dos cursos previos, non volvemos ás cifras tan baixas dos primeiros anos. Confiamos en que a renovación da páxina web que se produciu durante o curso 2016-2017 contribúa a aumentar o grao de satisfacción dos alumnos de mobilidade entrante nos próximos cursos.

Por outro lado, e por primeira vez, contamos con datos dos estudantes de mobilidade saínte, pois no curso 2016-2017 dous alumnos cubriron a enquisa (sobre ela, vid. 7.2). No que respecta á información previa recibida ("Consideras que dispoñas de información previa suficiente en relación co programa por parte dos seguintes órganos?") todos os órganos avaliados (Servizo de Relacións Exteriores, Facultade, Oficina de Información Universitaria e Outros) reciben a mesma puntuación media, 4, de xeito que podemos afirmar que o ítem é valorado positivamente.

Con respecto á información recibida sobre o TFG, contamos cos datos que se recollen na enquisa que todos os anos lles entrega o Decanato aos estudantes que presentan o seu traballo. Globalmente, os estudantes do GLLG séntense bastante satisfeitos coa información recibida sobre o TFG, pois o ítem "Globalmente estou satisfeito coa información recibida sobre o TFG" alcanza unha puntuación de 3,75 puntos sobre 5 (vid. E26, 2501098_enquisas_TFG).

Con respecto á opinión do profesorado sobre a información e orientación que reciben os estudantes, esta é altamente positiva, tal e como se pode comprobar no INF. 23. O ítem peor valorado neste apartado da enquisa atinxe unha puntuación de 4,14.

Finalmente, propoñemos como acción de mellora para o curso 2017-2018 e seguintes, o emprego das aulas virtuais de coordinación como a ferramenta de comunicación esencial para o envío de información aos estudantes do GLLG (celebración de cursos, animación a participar nas enquisas etc.) (GLLG_AM-1).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No IRA do GLLG (vid. acta da Comisión de Calidade do Centro [CCC] do 30/01/2017) explicábase de maneira detallada cales eran os mecanismos empregados para recoller a información, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento destas. Durante o curso 2016-2017 todos estes mecanismos e procedementos se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

Tal e como estipula o SGIC, as comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao e a CCC levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (vid. as actas correspondentes). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web (<http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>) e foise actualizando puntualmente, dando conta así da tarefa 1 da AM2.1_I. do IRA, AM tamén recollida no IA.


Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: no Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-2016 da Facultade de Filoloxía (AM-6) (tamén recollida como AM3.1_I do IRA) incluíase unha acción para a revisión e mellora desta enquisa, eliminando algúns solapamentos e enchendo algunhas lagoas detectadas. A mellora efectuouse en setembro de 2017 e a nova enquisa xa foi cuberta polos estudantes de novo ingreso do curso 2017-2018 na sesión de benvida (o modelo da nova enquisa pode verse en E3, 2501098_modelo_enquisas_1).
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: no curso 2016-2017 levouse a cabo unha modificación na enquisa realizada a petición da Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas (AM-4 do IRA do Grao en Lingua e Literatura Inglesas) co fin de incluír preguntas que permitisen obter información sobre a escolla das modalidades cursadas (vid. a enquisa en E26, 2501098_enquisas_TFG).

No curso 2016-2017, ás dúas vías que empregabamos no GLLG para complementar a información recibida desde a ACMP e desde o Decanato sobre satisfacción dos grupos de interese (reunións de coordinación ao finalizar o segundo cuatrimestre con estudantes de cada nivel e enquisas en 1º curso) engadimos unha enquisa que realizamos ao finalizar o 2º cuatrimestre entre os alumnos de 4º, en que recadamos información sobre o seu grao de satisfacción co título (AM1.3_II do IRA). En boa medida, o obxectivo desta enquisa foi paliar a escasa participación dos alumnos egresados nas enquisas de satisfacción da ACMP. Sobre os resultados desta enquisa, vid. 7.2. Como nos anos precedentes na enquisa de 1º curso tamén preguntamos sobre as opcións de matrícula do alumnado, sobre os factores que determinaron a súa matrícula no GLLG etc. (vid. 1.4 e 7.2).

Por outro lado, e dando conta da AM-05 do IA, a ACMP deseñou unha nova enquisa para determinar o grao de satisfacción xeral do alumnado coa titulación. Os resultados destas enquisas, realizadas entre o alumnado de 2º e 3º curso e entre o profesorado, pode consultarse, respectivamente nos INF. 22 e 23. A participación do alumnado foi moi baixa (tan só 4 estudantes responderon, o 15,38% da poboación), de xeito que non comentamos os resultados ao longo deste informe. A participación do profesorado foi un pouco máis alta (7 respostas, 31,82% da poboación), de tal xeito que si incorporamos os resultados obtidos nos apartados correspondentes deste IS.

En relación coas enquisas de satisfacción coa docencia recibida que se distribúen desde a ACMP, cómpre lembrar que a Facultade sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do vestíbulo, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Con todo, a taxa de participación nestas enquisas segue sendo baixa no curso 2016-2017 e apenas sofre un lixeiro incremento en relación coa taxa do curso anterior:



Gráfica 1. Taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida

Durante o curso 2016-2017, dando conta da AM3.1_II do IRA, recadamos información entre os estudantes sobre as causas da súa baixa participación (nas reunións de coordinación, na aula e mediante enquisas no caso do alumnado de 4º curso). Os resultados fixéronse chegar á ACMP para a súa consideración nun informe que foi aprobado na Acta da Comisión do GLLG do 23/06/2017. As causas que os estudantes sinalan como máis relevantes son as seguintes:

- Nula ou moi pouca influencia dos resultados no profesorado e na institución
- Inadecuación das enquisas para reflectir o que realmente queren expresar os alumnos
- Elevado número de enquisas e pouco tempo / preguiza para contestalas
- Temor a que non sexan anónimas

Co fin de aumentar a implicación dos estudantes nos procesos de calidade, de modo que isto redunde no aumento da participación, no IA propuñamos a AM04, consistente en difundir os resultados da avaliación do curso precedente durante as campañas de animación á participación nas enquisas. Esta AM foi xa implementada no curso 2017-2018 mediante o envío dunha mensaxe a través do campus virtual a todos os estudantes do GLLG durante o período de realización das enquisas do primeiro cuadrimestre. Nesta mensaxe presentábanse gráficas sobre participación e resultados nos últimos cursos, ofrecíase información sobre os ítems da enquisa mellor e peor avaliados e incidíase na importancia das enquisas tanto "para a titulación globalmente (procesos de avaliación e propostas de mellora), como para o profesorado a título individual (coñecemento dos puntos fortes e débiles e avaliación en diferentes convocatorias)". Confiamos en que esta mellora, así como a implementada pola ACMP no curso 2017-2018

(posibilidade de que os estudantes cubran a enquisa desde a súa secretaría virtual e posibilidade de que os profesores realicen un seguimento das taxas de participación tamén desde a súa secretaría virtual) contribúan a un incremento notable destas.

Con respecto á taxa de participación do profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida, esta aumentou considerablemente, pasando do 33,1% no 2015-2016 ao 40,82% no 2016-2017 (a taxa máis elevada de todos os cursos dos que dispoñemos de información). Tamén aumentou a taxa de participación dos egresados na correspondente enquisa de satisfacción (que pasa do 33,3% para os egresados no 2014-2015, ao 56,25% no 2015-2016, último do que temos información) (INF.09). A este respecto, debe terse en conta que durante o curso 2016-2017, curso en que se lle envía a enquisa aos egresados do 2015-2016, puxemos en marcha a AM3.1_III_1 do IRA, consistente en enviar un correo aos estudantes no momento da elaboración das enquisas, animándoos a participar e poñendo de relevo a importancia de coñecer a súa opinión sobre o seu grao de satisfacción co título.

Tamén aumentou a participación nas enquisas de satisfacción dos estudantes de mobilidade saínte (INF.04) e dos alumnos de prácticas externas (INF.05). En ambos os casos pasamos dun 0% de participación a un 33,3%. Lémbrese que para aumentar a taxa de participación nestas enquisas propuxemos unha acción de mellora, con cadansúa tarefa para os dous grupos de estudantes, consistente en contactar con eles durante o prazo de elaboración das enquisas animándoos a participar (AM3.1_III_2 e AM3.1_III_3 do IRA). Aínda que as taxas de participación son baixas, valoramos moi positivamente o aumento e manteremos como boa práctica as accións de mellora implementadas por primeira vez no curso 2016-2017.

Con respecto á opinión do profesorado sobre a xestión da calidade na Facultade, esta é altamente positiva, tal e como se pode comprobar no INF. 23. O ítem peor valorado neste apartado da enquisa acadou unha puntuación de 4,33.

Sobre outras enquisas de satisfacción e as taxas correspondentes de participación, véxase 7.2. Tal e como se indica neste apartado, propoñemos unha nova AM consistente en contactar cos titores académicos e cos titores profesionais das prácticas en empresas no momento de realización das enquisas de satisfacción, pois polo momento nunca cubriron tales enquisas (vid. GLLG_AM-2).

Finalmente, cómpre sinalar que os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. Todas estas normas e procedementos están recollidos no IRA do GLLG.

No IA propuñamos unha AM (AM-07) consistente en difundir e promocionar o sistema de traslado de suxestións, queixas, reclamacións e felicitacións en diferentes xornadas dirixidas ao estudantado, mediante a inclusión dun formulario na páxina web da Facultade e a través dunha actividade específica. Esta AM, que ten prevista a súa finalización en xullo de 2018, está en execución. Polo momento, ofrécese información sobre o sistema na xornada de benvida ao estudantado de 1º curso e incluíuse un formulario web para o envío de queixas, suxestións, reclamacións e felicitacións, tal como se pode comprobar en <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/suxestions.html>.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Memoria de Calidade do curso 2016-2017 elaborárase ao longo do mes de marzo e prevese a súa conclusión e aprobación durante o 2018 de acordo co Calendario da AMCP. A Memoria de Calidade do curso 2015-2016 foi elaborada pola CCC e aprobouse na súa sesión do 07/03/2017, para o seu envío e posterior aprobación definitiva na Xunta de Facultade de 07/03/2017. Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No curso 2016-2017 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación do GLLG. As correspondentes tarefas de análise, reflexión e elaboración do autoinforme desenvolvéronse entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017 e nelas participou a comisión do GLLG, en constante diálogo coas comisións de todos os títulos da Facultade, coordinados a través da CCC (vid. actas da CCC de 29/11/2016 e 22/12/2016). O autoinforme foi aprobado o 30/01/2017, en primeira instancia na CCC e posteriormente na Xunta de Facultade. O Informe Provisional de Renovación da Acreditación, emitido pola ACSUG con data de 02/06/2017 incluía unha valoración provisoria de cada un dos criterios avaliados e, eventualmente, aspectos que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras e/ou recomendacións para a mellora en cada un dos citados criterios. Aqueles aspectos que se sinalaba que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras eran de obrigado cumprimento, mais a CCC acordou tamén tomar en consideración as recomendacións sempre que fose posible e que non fosen obxecto dalgunha alegación. Na sesión do 26/06/2017, a CCC aprobou as alegacións e o plan de melloras do GLLG. O informe definitivo, de carácter favorable, recibíuse con data de 28/06/2017.

Ao longo deste IS sinálanse diferentes aspectos que foron postos de relevo neste *Informe final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación* do GLLG. No que respecta á preocupación pola calidade, neste informe sinálase: "El centro es consciente de sus áreas de mejora y hay mecanismos activados para ir solucionando los problemas detectados. Se han realizado esfuerzos notables por atender las recomendaciones recibidas en los distintos informes de seguimiento y viabilidad". Neste mesmo sentido, indícase que "se constata el compromiso del Centro con la mejora de la calidad observando una progresiva mejora en la implantación del Sistema de Garantía de Calidad que facilita el seguimiento de los títulos".

Por outro lado, durante o curso 2016-2017 levamos a cabo o seguimento do Plan de Viabilidade, que foi aprobado na Comisión do GLLG o 26/01/ 2017 e posteriormente en Xunta de Facultade o 30/01/2017.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non se realizaron modificacións do SGIC, porque se está á espera de que se complete o proceso de actualización e modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade. Actualmente, unha Comisión (aprobada na Xunta de Facultade de 30/05/2017) está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento e a previsión é que estes labores estean rematados antes da finalización do curso 2017-2018.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se pode comprobar no E15_2016-2017, os 17 profesores que imparten docencia no GLLG (materias de formación básica con contidos de galego, de Maior e de Maior plus) posúen unha rica experiencia investigadora e docente, cun total de 40 sexenios de investigación (media de 2,4 por profesor) e de 88 quinquenios (media de 5,2 por docente) no curso 2016-2017. Todos os membros do PDI son doutores. O 75% do PDI indicado é funcionario (o 21% dos cales é catedrático e o resto Profesor Titular de Universidade). Dos 17 profesores, 16, isto é, o 94,1%, teñen algún sexenio de investigación. Todos eles contan con cando menos tres quinquenios e exerceron previamente a súa actividade docente na titulación predecesora, a licenciatura en Filoloxía Galega.

Dado que, a través dos diferentes módulos complementarios, optativos e de formación básica, a gran maioría do profesorado da Facultade pode ser docente de alumnado do GLLG, ofrecemos tamén información sobre o conxunto de profesores do Centro: de acordo co IN25, o 88,4% do PDI da Facultade é doutor, sendo patente a evolución nos últimos cursos, pois no 2009-2010 a porcentaxe era do 64,29% (a media da USC para o curso 2016-2017 é de 86,4%, segundo se recolle en 2501098_MedUSC_2016-2017). Por outro lado, segundo se indica en IN26, o 71,4% dese PDI é funcionario (a media da USC é do 64,8%), e tamén se aprecia o proceso de consolidación que tivo lugar nos últimos anos (partimos dun 46,43% no 2009-2010). En relación coa investigación, o 89,6% dos docentes ten cando menos un sexenio no curso 2016-2017 (IN24), sendo a media da USC do 82,3%. O avance a este respecto, que se produce ano tras ano, é notorio, posto que no curso 2009-2010 a porcentaxe de docentes con sexenios era do 44,64%. En todos os casos (doutores, funcionarios e sexenios) prodúcese un lixeiro incremento con respecto ao curso 2015-2016.

Aínda que nos últimos anos o número de docentes se reduciu, tanto entre os especialistas en lingua e literatura galegas (con todo, non houbo modificación entre o curso 2015-2016 e o 2016-2017) como no conxunto do Centro, o persoal actual é suficiente para cubrir as necesidades docentes (tal e como se pode comprobar no POD examinando a dedicación horaria de cada profesor). Neste sentido, o Informe final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación sinala que "el título está sostenido por profesorado suficiente y cualificado".

As materias de 1º curso de formación básica con contidos de lingua galega e as materias de Maior tamén de 1º combinan o profesorado con ampla experiencia docente (4 profesores con 6 quinquenios e 1 con 3; E15_2016-2017)

con persoal en formación (2 docentes), que achega espírito innovador, maior coñecemento das características do alumnado pola súa recente graduación e unha diferente e nova perspectiva sobre o proceso docente. A este respecto, debemos mencionar que aínda que os contratados en formación con carga docente están sempre titorizados e supervisados por un PDI, tamén interveñen na toma de decisións que ten lugar nas reunións de coordinación das materias nas que participan como docentes.

Con respecto ás prácticas externas, a partir do curso 2016-2017 nomeáronse diferentes titores académicos (un por cada institución de prácticas). Os criterios para a selección de titores foron a súa vinculación (docente, científica etc.) co tipo de prácticas desenvolvidas nas empresas / institucións (o profesor de *Gramática textual* é o encargado de titorizar os alumnos que desenvolvan as súas prácticas na Editorial Obradoiro; unha docente que foi Secretaria Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia é a encargada de titorizar os alumnos que realicen as súas prácticas no Servizo de Normalización Lingüística), así como, sempre que sexa posible, a ausencia de implicación do titor na empresa / institución (criterio a ter especialmente en conta no caso do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en cuxos proxectos, tanto de lingua como de literatura, participan algúns docentes do GLLG).

En relación co TFG, como todos os cursos, no 2016-2017 todos os profesores da área de lingua e literatura galega con docencia na titulación ofertaron traballos no GLLG (un mínimo de dous) e a esta oferta sumouse a de varios profesores das áreas de Lingüística Xeral e de Teoría da Literatura e Literatura Comparada. No curso 2016-2017, os 19 TFG que se defenderon foron dirixidos por 14 profesores distintos, tal e como se pode comprobar en E24, 5040_TFG_2016-2017. A oferta diversa persegue que os estudantes teñan máis posibilidades de realizar o traballo nos campos que lles resulten máis atractivos ou interesantes.

O criterio básico de asignación de docencia entre o profesorado de lingua e literatura galega do GLLG foi no curso 2016-2017, como nos anteriores, a correspondencia entre o perfil investigador do profesor e os contidos da materia, tal e como se pode comprobar cotexando os perfís dispoñibles en <http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/profesorado/PDI/> coa asignación de docencia realizada. A distribución non só ten en conta as dicotomías lingua / literatura e sincronía / diacronía, senón tamén a especialización concreta (por exemplo, o profesor de *Fonética e fonoloxía do galego* é especialista neste campo, así como os de *Morfoloxía do galego*, *Dialectoloxía do galego*, *Léxico e terminoloxía do galego* e un longo etcétera).

Con respecto á formación do profesorado, segundo se desprende de 5040_16-17_2016-2017, a porcentaxe de PDI do GLLG que participou nos plans de formación da USC (dun e outro tipo) foi do 23,36% no curso 2016-2017, unha porcentaxe inferior á do curso anterior, pero superior á media de participación do profesorado dos diferentes títulos impartidos na Facultade, que se sitúa no 20,2%. Por outro lado, na Facultade organizouse un curso específico para o manexo do laboratorio de idiomas (25/01/2017) (vid. tarefa 1 da AM 4.1_1).

De acordo co indicado na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14), o 84,3% dos docentes que cubriron a enquisa no 2016-2017 móstrase interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas ao ensino. Esta cifra contrasta coas porcentaxes moito máis baixas de cursos anteriores (2012-2013, 67% e 2013-2014, 50%). Con respecto á formación de apoio para a mellora da docencia relativa a cuestións didácticas e pedagóxicas en xeral, un 81,4% móstrase interesado no curso 2016-2017 (11 puntos máis ca no curso anterior).

Ao longo do curso 2016-2017 tiveron lugar 426 accións de mobilidade do PDI do centro, unha cifra moi similar á dos cursos anteriores e que dá mostra da ampla participación do profesorado do centro en accións deste tipo. A finalidade das accións de mobilidade foi a seguinte:

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardaron relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadias de investigación etc.; 374 accións (88% aprox. do total).
- (b) Docencia noutras universidades: 1 acción.
- (c) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 51 accións.

En 5040_110_2016-2017 dáse conta da participación do profesorado da Facultade de Filoloxía en programas de mobilidade xestionados polo Servizo de Relacións Exteriores da USC. No curso 2016-2017 participou o 6,7% do

profesorado do GLLG. Trátase da quinta porcentaxe máis alta das 10 titulacións impartidas na Facultade nese curso.

Por outro lado, tamén podemos dar conta de accións de mobilidade de PDI de fóra da USC que acoden ao noso centro. Durante o curso 2016-2017, a Facultade acolleu un total de 16 profesores/investigadores visitantes, procedentes de universidades de Alemaña, Brasil, Irlanda, Italia, Polonia e Suíza, así como doutras universidades españolas (A Coruña, Granada, Murcia, Valencia e Vigo). Estes profesores desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro. A maior parte deles (9 de 16) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

Con respecto ás actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade, durante o curso 2016-2017 tiveron lugar un total de 68 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

Con respecto ao persoal en formación, durante o curso 2016-2017 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego), un deles titulado en lingua e literatura galegas e con docencia en materias de lingua galega no GLLG. A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2016-2017 foi de 34, 5 deles con docencia no GLLG (considerando exclusivamente aqueles titulados en lingua e literatura galega, con docencia específica nestes contidos).

Sobre as diferentes enquisas relacionadas tanto co grao de satisfacción dos docentes, como co grao de satisfacción dos estudantes, que son positivas en todos os casos, véxase 7.2.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación co persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.), o título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos. O cadro de persoal de administración e servizos, que non sufriu ningún cambio durante o curso 2016-2017, é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Este feito é posto de relevo no *Informe final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*: "El PAS de la Facultad de Filología también se considera adecuado a las características y número de titulaciones de este Centro". En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes. Polo que se refire á participación do PAS en actividades formativas, cómpre sinalar que as tres persoas máis directamente implicadas nas cuestións de Calidade realizaron o curso "Manexo da aplicación de axuda ao sistema de xestión (AASX)", dando así cumprimento a unha das tarefas incluídas na AM-9 do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-2016 (vid. tamén AM 4.1_II do IRA).

Sobre as diferentes enquisas relacionadas co grao de satisfacción do PAS, todas con resultados positivos, véxase 7.2.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Biblioteca

A biblioteca da Facultade de Filoloxía continuou incrementando os seus fondos durante o curso 2016-2017. Estas son as cifras de publicacións a 31/12/2017:

Total títulos de monografías en papel= 161.349

Total de volumes de monografías en papel= 200.259

Total títulos de publicacións periódicas en papel = 2.731

O número de monografías en papel ingresadas en 2017 foi de 2.083 e o número de publicacións periódicas en papel en curso de recepción é de 417. Durante o ano 2017 catalogáronse 3.606 documentos (monografías, publicacións periódicas, analíticas...). Para máis información sobre a biblioteca vid. o IRA.

Equipamento e infraestruturas

Por outro lado, durante o curso 2016-2017 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia (vid. IRA). As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes (vid. seguimento da AM5.1_I do IRA):

- Renovación de equipamento informático: ordenadores e canóns en aulas e seminarios de docencia; sistema de amplificación de aulas; novos sistemas de proxección para o Salón de Graos e o Salón de Actos; substitución dos auriculares da aula de informática de docencia (D02).
- Acondicionamento dos espazos docentes: eliminación dos armarios nas aulas pequenas; vernizado das tarimas e pintura das portas das aulas; instalación de enchufes nas dúas primeiras bancadas das aulas e nos seminarios.
- Adquisición de mobiliario: bancadas dos corredores; cadeiras dos despachos.
- Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (6.000€ do orzamento descentralizado do ano 2017).

Campus virtual

O uso do campus virtual está moi xeneralizado entre os docentes do GLLG, ben sexa como repositorio de materiais, ben con outras finalidades. No curso 2016-2017 empregouse para a corrección de tarefas (por exemplo en *Historia da lingua galega* ou en *Gramática textual*), como foro de discusión (*Literatura galega contemporánea: outras modalidades textuais*), para a resolución de cuestionarios (*Sintaxe do galego*), para a elaboración de traballos usando o módulo Wiki (*Tecnoloxías aplicadas ao estudo da lingua galega*) etc. Durante ese mesmo curso arredor do 80% das materias de lingua e literatura galegas usan a plataforma Moodle, segundo se desprende dos programas correspondentes. Ademais, durante o curso 2016-2017 puxéronse en marcha por primeira vez as aulas virtuais de coordinación, que se empregaron para depositar materiais de apoio á aprendizaxe, dando conta da AM1.3_I do IRA. Na mesma liña, durante o curso 2016-2017 propuxemos como acción de mellora a AM-04 do IA, consistente en empregar as aulas virtuais de coordinación para animar aos estudantes a participar nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida. Tal e como comentamos en 3.1, esta AM xa foi implementada no curso 2017-2018. Vid. ademais a AM que propoñemos en 2.1 relativa á xeneralización das aulas virtuais de coordinación como medio de contacto co alumnado.

Actividades de orientación e atención ao alumnado

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un Plan de Acción Titorial (PAT), que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un PAT. O deseño e posta en marcha do PAT foi acordada pola CCC na súa reunión de 29/11/2016 (AM5.1_II do IRA). O PAT foi aprobado pola CCC o 07/03/2017 e posteriormente pola Xunta de Facultade o mesmo 07/03/2017.

A continuación ofrécese un resumo das actividades incluídas no PAT durante o curso 2016-2017:

Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:

Un ano máis o profesorado de lingua e literatura galegas participou nas charlas temáticas do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*: no curso 2016-2017 impartíronse 9 charlas. (vid. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria_aponte_2016-17.pdf).

Por outro lado, os días 7, 8 e 9 febreiro de 2017 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 4.140 estudantes de 70 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar. Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 335 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

A Facultade, a través da profesora Patricia Fra López, tamén participou nas XXV Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña. Nestas xornadas, celebradas o 06/04/2017, presentouse a oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio.

Na primeira semana de maio de 2017, distribuíuse o material impreso sobre a oferta académica da Facultade (trípticos

e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia, así como o tríptico sobre o GLLG (vid. 7.1).

Actividades de acollida e orientación de estudantes propios

- Xornada de benvida ao estudiantado de novo ingreso (12/09/2016). Inmediatamente despois da recepción xeral a todo o alumnado, tivo lugar unha xornada de benvida ao estudiantado de novo ingreso do GLLG. Esta reunión, á que xa aludimos en 1.3 e que dá conta da AM1.3_III, celebrouse por primeira vez no curso 2016-2017.
- Xornada informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos, dirixida especialmente ao alumnado de 1º e 2º curso, cuxa finalidade é a de informalos sobre as diferentes posibilidades que ofrecen os graos respecto dos minores e módulos optativos (24/04/2017).
- Sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudantes de segundo e terceiro cursos (30/11/2106 e 14/12/2016).
- Xornada informativa sobre a oferta de estudos de máster da Facultade para o seguinte curso dirixida a estudantes de 4º curso (24/04/2017).
- Sesións informativas sobre o TFG dirixidas a estudantes de 4º curso. Desde o curso 2016-2017 estas sesións organízanse do seguinte xeito: en primeiro lugar, a Vicedecana responsable de asuntos académicos fai unha presentación xeral para todos os estudantes e a seguir a coordinadora do GLLG reúne co alumnado do título para a resolución de dúbidas concretas e para complementar a información ofrecida na reunión xeral previa. A esta reunión está convidado o profesorado que ofrece TFG no GLLG. Os docentes que asisten sinalan que tipo de traballos poden realizar os estudantes dentro das liñas temáticas ofertadas, fan as recomendacións que consideran oportunas e responden as dúbidas do alumnado. Estas sesións tiveron lugar o 14/09/2016. Unha vez realizada a reunión, púxose a disposición dos estudantes a través do campus virtual tanto o Power Point presentado na reunión co alumnado do GLLG como un documento que contén un listado dos títulos de TFG aprobados en convocatorias previas, dando conta así da AM1.3_III do IRA. Desde o curso 2016-2017, este documento tamén inclúe o enlace aos traballos que obtiveron ou se propuxeron para Matrícula de Honra, os cales se poden consultar no repositorio institucional Minerva.
- Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade. Desde o curso 2016-2017 estas xornadas celébranse ao inicio do curso académico (15/09/2016) e coa asistencia de representantes das diferentes empresas / institucións con oferta de prácticas externas (AM1.3_V do IRA).

Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos

O 14/09/2016 e o 01/02/2017, ao inicio de cada cuadrimestre, tiveron lugar os actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China, organizados pola Vicerreitoría de Internacionalización e por membros do equipo decanal.

Grao de satisfacción cos recursos e servizos

O alumnado do GLLG egresado no curso 2015-2016 (INF.09) móstrase bastante satisfeito cos materiais e infraestruturas dispoñibles na Facultade de Filoloxía (3,56 sobre 5). Apréciase nos dous últimos cursos un aumento da satisfacción a este respecto, pois no curso 2013-2014 o ítem "Indica a túa satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no teu centro" foi valorado con 2,67 (3,6 no curso 2015-2016). Parece claro que as melloras implementadas curso tras curso incidiron no aumento do grao de satisfacción neste aspecto. Por outro lado, debe terse en conta que a valoración da Facultade é considerablemente superior á media da USC (2,85 no curso 2016-2017).

En relación cos recursos e servizos, a Biblioteca é valorada moi positivamente polos egresados (4,78). O alumnado egresado tamén se mostra satisfeito, aínda que en menor medida, cos recursos tecnolóxicos (campus virtual, secretaría virtual, rede wifi etc.): 3,56 (a media da USC é de 3,67). Na enquisa realizada ao alumnado de 4º curso ao finalizar o curso 2016-2017, pediámoslles aos estudantes que indicasen a súa satisfacción coas infraestruturas e os

materiais dispoñibles no centro. A media foi de 2,75, con respostas entre o 1 e os 5 puntos. Nos comentarios que os estudantes podían escribir en relación con este ítem, dous deles aludiron a deficiencias no campus virtual e outros dous a deficiencias nos ordenadores da Facultade.

Por outro lado, os alumnos egresados no curso 2015-2016 valoran positivamente as xornadas informativas organizadas polo Centro e polo título ao comezo dos seus estudos. Na enquisa de satisfacción dos egresados co GLLG, a media do ítem "valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo título", é de 3,56 (media da USC: 2,84).

De maneira similar, na enquisa realizada ao alumnado de 4º ao finalizar o curso 2016-2017, o ítem "Valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro/título" foi puntuado cunha media de 3,38, con valores entre os 3 e os 5 puntos.

Con respecto aos alumnos de mobilidade entrante (véxase o INF.05 sobre a correspondente enquisa de satisfacción), valoran positivamente as infraestruturas da Universidade (3,84), o acceso ás bibliotecas e ao material de estudo (4,16) e o acceso a PC e servizos de e-mail (3,76). Neste último aspecto rexístrase un incremento considerable con respecto aos cursos previos.

Con respecto ao grao de satisfacción dos docentes (enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, INF.14), o ítem "O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) son axeitados para o desenvolvemento da materia" é valorado de modo moi positivo, con 4,03 puntos. Tamén é moi satisfactoria a valoración do ítem "No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios.....) para a docencia", con 4,07 puntos.

Tamén encontramos valoracións moi positivas no INF. 23 sobre a satisfacción dos docentes cos recursos humanos, materiais e servizos, onde o resultado máis baixo é de 4 para "as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia".

Os alumnos do GLLG que realizaron prácticas externas e cubriron a enquisa de satisfacción correspondente (2 estudantes) valoraron positivamente as instalacións de traballo. A valoración correspondente ao cuarto ítem "As instalacións e medios materiais cos que contei na empresa/institución foron suficientes para a realización das prácticas" foi de 4 puntos sobre 5 (INF. 06).

A valoración dos diferentes grupos de interese mostra que os recursos materiais e servizos que estiveron á súa disposición no curso 2016-2017 na USC e en particular na Facultade de Filoloxía son adecuados para o axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén o *Informe final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación* do GLLG recolle esta idea. "Los recursos materiales, infraestructuras y servicios se consideran adecuados".

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os contidos expostos no IRA ao respecto da contribución das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstas seguen sendo de aplicabilidade no curso 2016-2017, motivo polo cal remitimos ao citado informe para unha análise máis detallada.

Con respecto á valoración por parte dos propios estudantes das competencias adquiridas, ofrecemos os datos correspondentes ás preguntas das enquisas de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida que poden vincularse máis directamente con esta cuestión. Co obxectivo de poder establecer unha comparativa, ofrecemos o resultado para o curso 2015-2016 (á esquerda da barra) e para o curso 2016-2017 (á dereita), calculados sobre 5 puntos (vid. INF.13):

"O/a profesor/a motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase": 3,94 / 4,06

"O/a profesor/a favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia": 3,86 / 3,92

"O/a profesor/a propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)": 3,84 / 3,92

Como pode comprobarse, os resultados dos tres ítems son moi positivos e mesmo melloran lixeiramente a valoración obtida no curso anterior.

Podemos tamén acudir ao informe de satisfacción dos egresados (I3, INF.09). No que se refire, de modo global, á formación teórica adquirida e á formación práctica, estes son os resultados:

Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida na titulación:

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Formación Teórica	3,33	3,53	4,40	3,56	3,78	3,56
Formación Práctica	2,67	2,46	3,40	2,67	3,11	3,64

Escala de valoración desde 1(Mede) ata 5(Molto)

Táboa 6. Grao de satisfacción dos egresados coa formación recibida na titulación

Un curso máis, é mellor valorada a formación teórica ca a formación práctica, aínda que en ningún dos dous casos a puntuación debe considerarse negativa. A diferenza entre a valoración de ambos os tipos de formación é algo esperable, por outro lado, tendo en conta que o número de horas de formación teórica é considerablemente superior ao número de horas de formación práctica.

Se nos centramos en competencias máis específicas, estes son os resultados:

Valora o grao en que a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación:

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	3,67	3,64	4,60	3,68	4,22	3,79
Pensamento crítico	2,67	3,33	4,60	3,41	3,56	3,42
Capacidade de comunicación oral/escrita	3,33	3,20	4,60	3,31	4,11	3,35
Capacidade de traballo en equipo	3,00	3,27	4,20	3,44	3,89	3,50
Capacidade de análise	2,67	3,30	4,60	3,37	3,78	3,37
Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	3,00	3,27	4,60	3,36	3,78	3,36
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo	3,00	2,90	4,20	2,97	3,22	3,01

Escala de valoración desde 1(Meda) ata 5(Molto)

Táboa 7. Valoración da adquisición de competencias na enquisa de satisfacción dos egresados

Aínda que os resultados son en case todos os casos inferiores aos obtidos no curso 2014-2015, todos poden considerarse positivos. Cómpre lembrar que dos egresados do curso 2014-2015 unicamente cubriron a enquisa 5 alumnos (o 33,33%) mentres que dos titulados no curso 2015-2016 cubriron a enquisa 9 estudantes (56,25%). As diferenzas que se observan curso tras curso, ás veces considerables, poden explicarse polo escaso número de enquisas cubertas e, daquela, pola importante influencia que os factores idiosincráticos teñen nos resultados finais.

As enquisas de satisfacción sobre o TFG que se veñen realizando na Facultade de Filoloxía desde o primeiro curso en que se defenderon estes traballos tamén nos permite coñecer cal é a valoración dos alumnos con respecto á adquisición de competencias (E26, 2501098_enquisas_TFG). Estas son as respostas obtidas nos cursos 2014-15, 2015-2016 e 2016-2017. No curso 2016-2017 cubriron a enquisa 8 alumnos, un 36% do total.

3. En que medida consideras que a realización do TFG che permitiu acadar as seguintes competencias? (1-5).

		2014/15	2015/16	2016/17
3.a.	Capacidade para definir os obxectivos do traballo.	4,1	3,7	4,38
3.b.	Capacidade para deseñar e organizar as tarefas de cara a alcanzar os obxectivos previstos e desenvolver o traballo de acordo cos mesmos.	4,3	4,2	4,25
3.c.	Capacidade para buscar e seleccionar información relevante.	3,9	4,5	4,25
3.d.	Uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo, e integración con eles da nova información conseguida.	3,1	4	4,5
3.e.	Capacidade para organizar a información e presentala de forma clara, sistemática e precisa, de maneira que sexa comprendida por outras persoas.	4,3	3,6	4,25
3.f.	Capacidade para identificar as limitacións e/ou carencias do traballo realizado e propoñer suxestións de cara ao futuro.	4,1	4,2	4,38
3.g.	Dominio da expresión oral e escrita en distintos contextos.	3,6	3,2	4,25

4. En que medida consideras que a realización do TFG che permitiu acadar as seguintes competencias xerais recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Galegas? (1-5).

		2014/15	2015/16	2016/17
4.a.	Adquisición e comprensión de coñecementos, métodos científicos e recursos de análise para o estudo avanzado lingüístico e literario do galego e as súas literaturas.	4,0	3,9	4,38
4.b.	Habilidades para aplicar eses coñecementos e métodos co obxectivo de recoñecer, identificar e resolver problemas tanto no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios como no seu ámbito profesional: docencia de linguas (como L1 o LE) e de literatura, asesoría e corrección lingüística, planificación lingüística, mediación comunicativa, tradución, lingüística clínica, actividades editoriais, etc.	3,4	3,7	4
4.c.	Capacidade de reflexión e de pensamento crítico para describir, interpretar e valorar os feitos lingüísticos e literarios	4,0	3,9	4,25
4.d.	Capacidade para aplicar o razoamento indutivo e dedutivo, ao combinar a análise dos datos coa argumentación teórica	4,0	3,7	4,13
4.e.	Capacidade de abstracción, síntese e análise, ao extraer xeneralizacións a partir da descrición dos datos	4,0	3,8	4,25
4.f.	Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e á literatura galegas a un público especializado e non especializado.	3,6	4,1	4,38
4.g.	Dominio da expresión oral e escrita en galego, en distintos contextos.	3,7	4,2	4
4.h.	Habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais.	3,0	2,4	3,88
4.i.	Habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais e multilingües.	3,0	2	4
4.k.	Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.	3,6	3,7	4,13

5. En que medida consideras que a realización do TFG che permitiu acadar as seguintes competencias específicas recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Galegas? (1-5)

		2014/15	2015/16	2016/17
5.a.	Identificación e comprensión daqueles elementos (obxecto de estudo, metodoloxía, linguaxe e terminoloxía crítica especializada, etc.) que definen e articulan os estudos lingüísticos e literarios como disciplinas científicas no ámbito das Humanidades.	3.9	3.6	4,38
5.b.	Recoñecemento do carácter interdisciplinar dos estudos lingüístico-literarios.	3.4	4	4,38
5.c.	Desenvolvemento da competencia comunicativa.	4.1	3.7	4,25
5.d.	Capacidade para realizar posteriores estudos especializados, tanto nunha disciplina filolóxica como en calquera das ciencias e técnicas que requiran bos fundamentos filolóxicos.	4.0	3.9	4,5

Como se pode comprobar, os resultados son moi positivos. Apréciase unha mellora con respecto aos resultados dos cursos previos, que xa eran abondo satisfactorios. O único ítem que baixa dos 4 puntos é "Habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais", que no entanto alcanza os 3,88 puntos, case un punto e medio por riba do curso anterior. As capacidades máis valorada son "Uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo, e integración con eles da nova información conseguida" e "Capacidade para realizar posteriores estudos especializados, tanto nunha disciplina filolóxica como en calquera das ciencias e técnicas que requiran bos fundamentos filolóxicos", ambas con 4,5 puntos. Vistos os datos, podemos concluír que o alumnado percibe o TFG como un traballo moi útil para alcanzar un gran número de competencias asociadas ao título, un bo instrumento para aplicar os coñecementos adquiridos nas restantes materias de grao e un bo punto de partida para o traballo posterior.

Na mesma enquisa sobre a elaboración de TFG pregúntaselles aos alumnos por aquelas actividades formativas presenciais que serían importantes para a realización deste traballo. Os ítems máis mencionados no curso 2016-2017 son "Xestión de recursos bibliográficos" (5 persoas), "Técnicas de exposición oral" (4), "Presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos, etc.)" (3) e "Procura de información en bases de datos" (3). Debe sinalarse que a USC ofrece vías aos estudantes para formarse nos distintos aspectos indicados. Desde hai varios cursos, o SNL da USC ofrece obradoiros de elaboración de TFG e TFM centrados precisamente en cuestións formais, de redacción, de presentación oral e que tamén inclúen como un dos seus contidos a "Selección e busca de recursos de información (Refworks)" (http://www.usc.es/gl/servizos/snl/formacion/matricula_TFG.html). Doutra banda, a Biblioteca da Facultade de Filoloxía organiza dous cursos de formación permanente dirixidos especialmente ao alumnado dos últimos niveis, e moi en concreto aos que están a realizar un TFG (ou un TFM): "Recursos electrónicos: bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos" e "Catálogos doutras bibliotecas. Refworks: xestor de referencias bibliográficas en liña".

Os profesores tamén fan valoracións relativas ás competencias na Enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF. 23). Trátase de valoracións moi positivas, tanto no que se refire á "información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos", ás propias "competencias do plan de estudos", con 4,86 en ambos os casos, ás competencias adquiridas polo alumnado (4,14) e á adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado (4).

Resultados de aprendizaxe previstos

Na p. 266 da MV do título (Resultados previstos) recóllense unha serie de indicadores que serven para avaliar a eficacia do plan de estudos en relación co proceso de aprendizaxe. Neste apartado analízanse os resultados para algúns de tales indicadores no curso 2016-2017. Os restantes analízanse no apartado 7.1.

Taxa de éxito

A nosa taxa media de éxito no 2016-2017 é de 83,03 (IN35-S01_PM-01), lixeiramente inferior á media da USC (segundo se recolle en 2501098_MedUSC_2016-2017 esta é de 87,35) e moi similar á dos cursos inmediatamente anteriores (83,8). Como nos cursos previos, a taxa de éxito aumenta a medida que subimos de nivel:

Nome	1º Factor	2º Factor	Resultado
TOTAL	4434	5340	83.03
1º curso	954	1482	64.37
2º curso	1086	1290	84.19
3º curso	1134	1248	90.87
4º curso	1248	1308	95.41
Sen asignación a curso	12	12	100

Táboa 8. Taxa de éxito por nivel

Os resultados de 2º, 3º e 4º cursos son satisfactorios. Máis aló de factores comúns a todos os títulos, como o cambio do sistema de ensino en relación coa Educación Secundaria, os malos resultados conseguidos no 1º curso deben vincularse coa taxa de abandono que trataremos en 7.1, así como coa baixa nota media de acceso, comentada en 1.4. Por outro lado, se analizamos os resultados da taxa de éxito por materias, centrándonos nas de 1º curso, observamos que a baixa taxa de éxito alcanzada non se explica pola influencia dunhas poucas materias, senón que sete das impartidas en 1º curso teñen taxas de éxito inferiores á media de 1º curso (64,37%), algunhas delas materias obrigatorias para todos os estudantes do GLLG. Con todo, chámamos a atención a baixa taxa de éxito da materia *Lingua galega 2* no curso 2016-2017 (40,74%) (a taxa de éxito máis baixa desta materia nos cursos previos fora do 64% no 2015-2016). Estaremos atentos aos resultados desta materia nos vindeiros cursos por se é preciso tomar medidas para mellorar os resultados.

Taxa de avaliación

A taxa de avaliación do GLLG no curso 2016-2017 é de 83,41 (IN36-S01-PM-01), lixeiramente superior á do curso anterior. A media do GLLG é algo inferior á da USC (89,66 vid. I4, 2501098_MedUSC_2016-2017).

A análise por nivel académico mostra unha vez máis como a cifra máis baixa se alcanza en 1º, aínda que neste caso as diferenzas son menos acusadas ca na taxa anterior. Contrariamente ao que sucedía coa taxa de éxito, a tendencia positiva vinculada co aumento de nivel desaparece en 4º.

Nome	1º Factor	2º Factor	Resultado
TOTAL	5340	6402	83.41
1º curso	1482	1944	76.23
2º curso	1290	1488	86.69
3º curso	1248	1350	92.44
4º curso	1308	1608	81.34
Sen asignación a curso	12	12	100

Táboa 9. Taxa de avaliación por nivel

Esta ruptura da tendencia positiva que se produce en 4º curso explícase acudindo ao TFG. Segundo a normativa da USC, para poder presentar este traballo é preciso ter aprobadas todas as materias restantes da titulación. Isto explica que a taxa de avaliación do TFG sexa de 54,29% (a máis baixa de todas as materias, salvando algunha optativa con moi poucos estudantes matriculados; vid. INF.19), o que claramente repercute na media do nivel.

Analizando o citado INF.19, descubrimos unha vez máis que a taxa de avaliación de 1º curso non se explica apelando a un número reducido de materias, senón que sete delas presentan una taxa inferior a 76,23%.

Taxa de rendemento

Os resultados obtidos na taxa de rendemento (IN34-S01-PM-01) son previsibles unha vez coñecida a taxa de éxito e a taxa

de avaliación, pois a taxa de rendemento é a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. A taxa para o curso 2016-2017 é de 69,26%, lixeiramente superior á do curso anterior. A media da USC é superior, 78,31%. Na seguinte táboa, observamos as taxas por nivel e a tendencia positiva a medida que aumenta o nivel (agás en 4º):

Nome	1º Factor	2º Factor	Resultado
TOTAL	4434	6402	69.26
1º curso	954	1944	49.07
2º curso	1086	1488	72.98
3º curso	1134	1350	84
4º curso	1248	1608	77.61
Sen asignación a curso	12	12	100

Táboa 10. Taxa de rendemento por nivel

Se facemos a análise por materias (INF.18) descubrimos que en 1º curso hai oito materias que non alcanzan a taxa media de 49,07%, o cal demostra, como cabía esperar, que a baixa taxa de rendemento non é atribuíble a un reducido número de disciplinas.

No IRA faciamos o seguimento dalgunhas materias que, sen presentaren en ningún caso taxas de rendemento altamente preocupantes, ofrecían (case) todos os cursos valores inferiores á media. Unha delas é *Introdución á gramática galega* (2º curso), que no 2016-2017 alcanza a taxa de rendemento máis baixa de todos os cursos (55,56%). Outra das materias é *Fonética e fonoloxía do galego* (2º curso), que tamén alcanza a taxa máis baixa de todos os cursos (40%), explicable neste caso polo feito de que, debido ao traslado da materia ao cuarto curso, durante o 2016-2017 só se impartiu a estudantes repetidores. En terceiro lugar, a materia *Sintaxe do galego* (4º curso) atinxe no 2016-2017 unha taxa de rendemento do 62,96%, tamén a máis baixa de todos os cursos. Dado que as taxas non melloraron en ningún caso, nas reunións de coordinación que celebramos a finais de curso, faremos fincapé en determinar cos estudantes as causas destes baixos resultados. Engadimos a estas materias *Lingua galega 2*, que no curso 2016-2017 tivo unha taxa de rendemento do 32,35%, cun considerable descenso con respecto aos cursos anteriores.

Traballos de fin de grao

Como xa comentamos, a taxa de avaliación do TFG é moi baixa, pero non así a taxa de éxito, que no curso 2016-2017, un curso máis, é do 100%. Isto é explicable porque habitualmente, se o titor considera que o TFG non é merecente de aprobar, recoméndalle ao alumno que non o presente, de modo que, en xeral, aqueles traballos que se defenden reúnen as condicións para aprobar. No curso 2016-2017 houbo 9 traballos non presentados e 7 renuncias. Entre os 19 presentados, encontramos 1 matrícula de honra, 7 sobresalientes, 6 notables e 5 aprobados, de acordo cos datos que figuran en 2501098_INF.15_2016-2017 e en 5040_TFG_2016-2017.

Tal e como indicamos en 4.1, a dirección de TFG non se concentra nuns poucos profesores, senón que a oferta, non só de liñas, senón tamén de docentes, é moi variada (véxase en http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/TFG_cursos/TFG_2016_2017.html a "Oferta de liñas temáticas e titores" para o curso 2016-2017, con 49 traballos e 27 profesores diferentes). No curso 2016-2017, como todos os anos, propuxemos un número de traballos considerablemente superior ao mínimo establecido polo Decanato en función da matrícula do curso anterior, para tentar cubrir os diferentes intereses do alumnado. Neste sentido, e sendo conscientes de que a oferta de literatura era inferior á de lingua e lingüística, algúns dos profesores con liñas de literatura incrementaron para o curso 2016-2017 o número de traballos con respecto aos que ofrecían en cursos precedentes.

Prácticas externas

O curso 2016-2017 foi aquel en que máis estudantes do GLLG solicitaron prácticas externas (un total de 6), aínda que un dos estudantes non chegou a completalas. As cualificacións obtidas, de acordo con 2501098_INF.15_2016-2017, foron

positivas: 3 sobresalientes e 2 notables. Por outro lado, e atendendo á AM-8 do informe de seguimento do curso 2014-2015, que propuña incrementar a oferta de prácticas en empresas, no curso 2016-2017 incluímos na oferta de Prácticas do GLLG o Servizo de Normalización Lingüística da USC e levamos a cabo as xestións para incorporar no curso seguinte (2017-2018) o Instituto da Lingua Galega (vid. anexo 1 da Acta da Comisión de Prácticas Externas do 20/07/2017).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.


Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Demanda

No curso 2016-2017 produciuse un descenso nas cifras de matrícula do GLLG, con 29 novos alumnos matriculados (IN03G-PC-05) (fronte aos 41 do curso anterior), 28 deles de novo ingreso (35 no curso 2015-2016). Como sinalabamos no IRA, ao tratar con cifras de matrícula relativamente baixas, debemos ter en conta que unha variación relativamente pequena en termos absolutos pode ser porcentualmente de gran importancia e estar na base explicativa dos altibaixos característicos das nosas gráficas de matrícula, como os da que figura a seguir:



Gráfica 2. Variación da matrícula de inicio de estudos no GLLG

Como consecuencia dos baixos resultados de matrícula incrementamos as accións de captación de alumnado de cara ao curso seguinte, 2017-2018. Para iso contamos cunha axuda de 4.000 euros concedida pola USC durante o curso 2016-2017 para levar a cabo as accións incluídas no Plan de Viabilidade. Afortunadamente, no curso 2017-2018, producírase un incremento de gran importancia nas cifras de matrícula, pois nese curso alcanzamos e superamos por primeira vez desde a implantación do GLLG o número mínimo establecido pola Xunta de Galicia para as titulacións de grao no campus de Santiago (50 estudantes). Vinculamos esta subida tanto coas accións de mellora desenvolvidas durante o curso 2016-2017 para a captación de alumnado, como co "efecto chamada" que cremos que supuxo a

convocatoria e celebración de oposicións de Educación Secundaria para a especialidade de lingua e literatura galegas durante o curso 2016-2017.

Con respecto ás accións de mellora vinculadas coa captación de alumnado, no IRA propuñámos as seguintes: en primeiro lugar, a AM7.1_I, que tiña por obxectivo incrementar a información sobre o GLLG e as súas saídas profesionais nos centros de Educación Secundaria e Bacharelato. A tal fin, propuñámos renovar e actualizar o tríptico sobre o GLLG que elaboráramos algúns cursos atrás (incorporando información sobre a posibilidade que ofrecen os títulos filolóxicos de graduarse en dous títulos en cinco anos) e enviálo a todos os centros a través de correo electrónico. Con todo, o Decanato da Facultade de Filoloxía deunos a posibilidade de facer chegar o tríptico en papel a todos os centros indicados, públicos e privados, incorporándoo nun envío masivo de folletos da Facultade que se fixo no segundo cuadrimestre do curso 2016-2017. Dado que aínda contabamos con trípticos impresos da primeira versión, e dado que considerabamos que a versión en papel sería máis efectiva de cara á captación do alumnado ca a versión electrónica, optamos por facer o envío do tríptico orixinal e adiar a actualización. Esta realizarase ao longo do curso 2017-2018 a través dunha axencia de publicidade especialista en mercadotecnia e grazas ao financiamento da USC mencionado. Por outro lado, a información sobre a posibilidade que ofrecen os títulos filolóxicos de graduarse en dous títulos en cinco anos foi incorporada no folleto da Facultade enviado canda os trípticos do GLLG.

A segunda acción de mellora que figuraba no IRA para o curso 2016-2017 consistía na realización dunha enquisa entre alumnado de 1º e 2º de Bacharelato da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, pois a ACSUG solicitaba que vinculásemos as previsións de matrícula con sondaxes entre os diferentes grupos de interese. Tal e como sinalabamos no IRA (vid. AM7.1_II), a enquisa foi realizada durante o curso 2016-2017 (nos meses de novembro e decembro de 2016). Remitimos ao IRA para información máis detallada sobre as características da enquisa e sobre os seus resultados. Cómpre sinalar, por outro lado, que unha das preguntas indagaba sobre o coñecemento que tiñan os alumnos da posibilidade que ofrecen os títulos filolóxicos de graduarse en dous títulos en cinco anos, de modo que ao tempo servía tamén de difusión desta vantaxe do GLLG e dos restantes títulos de grao da Facultade.

Outra das accións de mellora (AM7.1_III) derivaba tamén da solicitude anterior da ACSUG e consistía na realización dunha enquisa entre o alumnado que cursa o Minor en Lingua e Literatura Galegas que servise, por un lado, para coñecer o seu grao de satisfacción co Minor e detectar posibles problemas; por outro, para determinar a porcentaxe de estudantes que tiñan pensado completar no futuro os seus estudos de galego, convertendo o Minor en Maior. Con todo, no curso 2016-2017 non había ningún alumno cursando as materias de Minor de 4º curso. Dado que o máis lóxico é pasar a enquisa aos estudantes no segundo ano de realización do Minor, optouse por agardar ao curso 2017-2018 para facela. A enquisa pasarase, así pois, en abril de 2018.

A AM7.1_IV tiña por obxectivo difundir as posibilidades que ofrecen os estudos filolóxicos, e en particular o GLLG, de cursar dous títulos en cinco anos por diferentes canles: tríptico do GLLG, páxina web da USC e Facebook do GLLG. Con respecto ao tríptico, vid. o indicado *supra*. No novo folleto da Facultade incorporouse esta información, como xa sinalamos. En relación coa difusión a través da web, o que finalmente fixemos foi incluír este dato no blog que elaboramos e que difundimos durante e ao redor dos días de celebración das probas ABAU, como adiante detallamos. Finalmente, o día 20 de xuño de 2017, un día despois da apertura do prazo ordinario de solicitude de preinscrición nas universidades galegas, publicouse no Facebook do GLLG un post que remitía ao blog a que acabamos de aludir e no que ademais se facía referencia explícita ao aspecto que estamos comentando, así como á previsión de xubilacións no profesorado de ensino medio de lingua e literatura galegas nos próximos cursos, ao acceso aos lectorados e á oferta de prácticas en empresas / institucións.

Por outro lado, e con cargo a parte dos 4.000 euros proporcionados pola USC, encargamos un bñner publicitario á empresa Desoños, que foi inserido nas páxinas especiais da Voz de Galicia durante o período en que o xornal mantivo un espazo informativo sobre a ABAU (12 días) (vid. seguimento da AM-10 do IA). O bñner remitía a un blog con información sobre o GLLG. Desde a inserción do banner recibíronse unhas 160 visitas (información obtida o 20 de xuño de 2017). Os días de máis visitas foron o 8, 10, 11 e 18 de xuño, as páxinas máis vistas (fóra a de inicio) foron “Compromiso e futuro” e “Estudo e formación”. Hai dúas visitas dos Estados Unidos, unha de Portugal, unha de Reino Unido e o resto de España.

Outra parte dos 4.000 euros da axuda da USC empregouse no deseño de imaxe e lema para a campaña de promoción do GLLG (que se utilizará no curso 2017-2018 no noso Facebook, no noso blog e nun cartel-folleto que substitúe o tríptico), na impresión dos carteis-folleto e na elaboración de material para o Facebook e o blog do GLLG, todo a cargo da empresa Desoños.


Outra parte dos cartos foron empregados no pagamento da apertura da Facultade de Filoloxía para a celebración das *III Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no ensino. Ensinar galego desde o multilingüismo e a variedade: enfoques e experiencias*, destinadas a profesorado de lingua e literatura galegas de Educación Secundaria (celebradas, como indicamos en 1.1, o 17 e 18 de novembro de 2017), así como para axudas de custo e gastos protocolarios (xantar das persoas convidadas a participar). Finalmente, en colaboración co Grao en Filoloxía Clásica, que tamén dispuña de 4.000 euros para captación de alumnado, compramos algunhas bolsas da USC que no noso caso utilizaremos esencialmente para agasallo (introduciremos nelas os libros, normalmente cedidos polo Instituto da Lingua Galega, que lle ofreceremos aos docentes que convidemos en futuras xornadas, docentes que non son remunerados pola súa participación).

Resultados

Neste apartado abordaremos os indicadores de resultados que non foron tratados en 6.1.

Taxa de abandono en 1º curso

A taxa de abandono do curso 2016-2017, correspondente á cohorte 2014-2015, volveu alcanzar cifras elevadas (38,46%), despois do considerable descenso que experimentou no curso 2015-2016 (14,29%). Trátase, con todo, da segunda cifra máis baixa desde a implantación do grao, como se pode comprobar nesta gráfica, onde os cursos corresponden ás cohortes de ingreso:



Gráfica 3. Taxa de abandono no 1º curso do GLLG

No IRA e en anteriores informes de seguimento sinalabamos que, na nosa opinión, a alta taxa de abandono no GLLG estaba en boa medida vinculada directamente co feito de que unha boa parte dos nosos estudantes non escollían o noso título como primeira opción de matrícula. Precisamente, a cohorte do curso 2013-2014, curso en que descendeu notablemente o abandono, foi aquela en que o número de estudantes que tiña o GLLG, case con total seguridade, como 1ª opción foi máis alto (a porcentaxe de estudantes que se matricularon no 1º prazo de matrícula foi de ao redor do 70%). Contrariamente, no curso 2014-2015 encontramos pouco máis do 50% de estudantes que se matriculan no 1º prazo e unha vez máis estas porcentaxes baixas van acompañadas dunha alta taxa de abandono.

En calquera caso, para recadar datos directos dos estudantes que abandonaron o GLLG, no IRA propuñamos unha acción de mellora (AM7.1_V) consistente en realizar unha enquisa ao alumnado que abandonou o GLLG desde a súa implantación. Esta enquisa foi realizada ao longo do curso 2016-2017 (as preguntas foron elaboradas por nós e a xestión da enquisa e o informe de resultados foi feita pola ACMP). Con todo, á enquisa só responderon 4 estudantes dunha poboación de 44 (pouco máis do 9%), co cal os resultados non son representativos. Aínda así, analizámoslos brevemente: un dos alumnos matriculouse no GLLG no curso 2009-2010, dous no 2010-2011 e un no 2011-2012. Todos eles abandonaron en primeiro curso, dous deles tiñan dispensa oficial de asistencia á clase e tamén dous deles querían cursar o GLLG, mentres que os outros dous querían cursar unha titulación distinta, concretamente Económicas

ou ADE e Grao en Lingua e Literatura Españolas, que precisamente foron as titulacións que cursaron unha vez abandonado o GLLG. Para dous dos enquisados, a causa principal para abandonar o GLLG foi que conseguiron matricularse nunha titulación que realmente lles interesaba máis, un indica que estaba descontento coas materias ou o profesorado e a cuarta persoa non sinala ningunha das opcións específicas e marca Outra, sen especificación.

Aínda que, como xa indicamos, os resultados son pouco representativos pola escaseza de participación, resulta significativo que coincidan de maneira xeral coas nosas hipóteses explicativas sobre a causa do abandono, que pouco teñen que ver coa estrutura, calidade ou xestión do GLLG. De feito, das outras tres persoas que responderon á enquisa, ao solicitarlles que valorasen de 0 a 5 a influencia que tivo no abandono o descontentamento coas materias ou co profesorado do GLLG, dúas sinalaron 1 (nula influencia) e a terceira 2 (baixa influencia).

Por outro lado, no IS 2014-2015 propuñamos unha AM (AM-6) consistente en identificar as causas do abandono a través da opinión dos estudantes de 1º e de 4º curso, aínda sendo conscientes de que as opinións vertidas por estes non terían tanta validez como as recollidas directamente dos estudantes que abandonaron o título. Así, introducimos en ambas as enquisas un ítem en que lles preguntabamos aos estudantes se coñecían casos de abandono e as súas causas. Na enquisa de 1º curso, só dúas persoas sinalaron que coñecían algún caso. As causas do abandono foran nun caso o cambio a outro grao que lle resultaba de maior interese e no segundo a denegación dunha bolsa de estudos. Na enquisa de 4º, contrariamente, varios estudantes indicaron que coñecían casos de abandono. A causa que sinalan maioritariamente (11 respostas) é o incumprimento de expectativas / desmotivación / descontentamento co GLLG, seguida da preferencia por outras carreiras (3 respostas) e a dificultade do GLLG (2 respostas). As outras causas que se indican só son proporcionadas por un estudante e por tal motivo non as reproducimos aquí. Resulta chocante a disparidade entre estas opinións e as recollidas na enquisa realizada directamente aos estudantes que abandonaron, así como na de 1º curso.

No IA propuñamos unha acción de mellora (AM-11) consistente realizar unha enquisa nominal a todos os estudantes de 1º curso e a continuación establecer o perfil dos estudantes que figuran nas listaxes de abandono potencial que nos proporciona a ACMP da USC (alumnos de 1º curso que non se presentaron ou non superaron ningún crédito no primeiro cuatrimestre). Con todo, dadas as dificultades para a realización dunha enquisa nominal (e ante o temor de que precisamente os alumnos desa listaxe non a cubrisen), optamos finalmente por, unha vez recibida a listaxe de abandono potencial (no segundo cuatrimestre), recadar directamente os datos de que dispón a xestora do centro e outros servizos da USC sobre: a) o momento en que estes estudantes superaron as probas ABAU, b) se teñen ou non dispensa oficial de asistencia a clase, c) se o GLLG foi oi non a súa primeira opción de matrícula e d) se é a primeira carreira que cursan ou non (na USC). Confiamos en que a análise das listaxes de abandono potencial nos axude a determinar máis axeitadamente o perfil dos estudantes que abandonan o GLLG e, no seu caso, a adoptar medidas adaptadas ao dito perfil.

Taxa de abandono RD1393

A taxa de abandono RD1393 que se ofrece no curso 2016-2017 corresponde á cohorte de ingreso do curso 2012-2013. Neste curso, o abandono en 1º curso foi do 47,37% e a taxa de abandono RD1393 é exactamente a mesma (IN41-S01-PM-01). Deste xeito, observamos satisfactoriamente como os estudantes non abandonan a nosa titulación despois de 1º curso, do mesmo xeito que ocorreu na cohorte anterior (vid. o IRA para datos similares en anos previos).

Taxa de graduación e taxa de idoneidade na graduación

Aínda que no IRA sinalabamos a existencia dunha tendencia negativa na taxa de graduación, no curso 2016-2017, que corresponde á cohorte de ingreso do curso 2012-2013, a taxa aumenta considerablemente con respecto ao curso anterior, tal e como se pode ver na seguinte táboa e en IN37G-S01-PM-01.

Curso	Taxa de graduación
2012-2013	31,58
2011-2012	19,35
2010-2011	34,88
2009-2010	42,11

Táboa 11. Taxa de graduación no GLLG

Evidentemente, as cifras que temos non poden considerarse positivas (a medida da USC é de 56,83%

[2501098_MedUSC_2016-2017]), porque a taxa de graduación se ve lastrada pola taxa de abandono. A taxa de abandono en 1º curso máis alta é precisamente a do curso 2012-2013, do 47,37%. Podemos afirmar, daquela, que aproximadamente un 80% dos estudantes que se mantiveron no GLLG se graduaron no curso que lles correspondía ou no seguinte, o que nos ratifica na idea de que o verdadeiro problema do título está na taxa de abandono en 1º curso e non no que sucede en cursos posteriores. En calquera caso, no IA propuñamos como acción de mellora determinar o número de estudantes que, tendo todas as demais materias aprobadas no curso X, non presentaban o TFG nese mesmo curso. O obxectivo era determinar en que medida a carga de traballo en 4º curso podía ser demasiado elevada, impedindo que os estudantes se graduasen no mesmo curso en que remataban as demais materias. No 2016-2017 o número de estudantes nesta situación era de 8, pero só 3 deles remataran as restantes materias da titulación no curso 2016-2017, pois un deles fixérao no curso 2013-2014, 3 no curso 2014-2015 e 1 no curso 2015-2016. Daquela, consideramos que a carga de traballo en 4º curso non é un elemento determinante para explicar a baixa taxa de graduación no GLLG. Con todo, seguiremos atentos a este indicador por se se producen variacións nos próximos cursos.

Con respecto á taxa de idoneidade na graduación (IN51G-S01-PM-01), esta é do 15,79%. Dos estudantes computados na taxa de graduación, a metade remataron os estudos no ano que lles correspondía e a outra metade no curso seguinte. Dado o descenso da taxa de abandono no curso 2013-2014 e o aumento da nota media de acceso no 2014-2015, cremos que nos próximos cursos as taxas de graduación e de idoneidade na graduación mellorarán.

Duración media dos estudos

A duración media dos estudos experimenta unha melloría con respecto ao curso anterior, pois pasa de 5,55 a 5,27 (IN38G-S01-PM-01), situándose bastante próxima da media da USC, que é de 4,97. Como xa indicabamos no IRA, debe terse en conta que traballamos con poboacións moi pequenas, o cal determina que a duración dos estudos duns poucos alumnos poida ter gran incidencia na media. En calquera caso, valoramos positivamente que se producira un descenso na taxa, posto que a tendencia xeral é ao incremento, ao acumulárense cada ano alumnos de cohortes anteriores que contribúen ao aumento do tempo medio. Este incremento é palpable nas taxas medias da USC (tal e como se indica no IRA, 4,46 no curso 2014-2015, 4,82 no 2015-2016 e 4,97 no 2016-2017 [2501098_MedUSC_2016-2017]), pero non ten lugar, con todo, no caso do GLLG en relación co último curso.

Taxa de éxito dos egresados

A taxa de éxito dos egresados é de 85,82% lixeiramente superior á do curso anterior (85,14%), case tres puntos superior á taxa de éxito do conxunto do alumnado (lembremos que esta era de 83,03%). Traballamos, pois, cunha taxa próxima á xeral e próxima á do curso anterior, de xeito que non parece que este indicador requira máis comentario.

Taxa de eficiencia dos egresados

A taxa de eficiencia dos egresados para o curso 2016-2017 é de 79,5% (IN53G-S01-PM-01), lixeiramente superior á do curso 2015-2016, primeiro curso no que se calcula, que é do 78,75%. A taxa equivalente a nivel do conxunto do alumnado é a taxa de rendemento, que para o 2016-2017, como xa vimos, é de 69,26%, isto é, dez puntos inferior á taxa dos egresados. Dado que a taxa de éxito do conxunto do alumnado e a taxa de éxito dos egresados está moi próxima (tres puntos de diferenza, tal e como acabamos de ver), a diferenza entre a taxa de eficiencia dos egresados e a taxa de rendemento xeral deberá ser explicada sobre todo a través dos "non presentados", que son menos no grupo dos que se graduaron.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:


- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Estudantes

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

No curso 2016-2017 aumentou un curso máis o grao de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, tal e como se pode comprobar na seguinte gráfica:



Gráfica 4. Grao de satisfacción do alumnado do GLLG coa docencia recibida

Valoramos moi satisfactoriamente a tendencia positiva que se plasma na gráfica, así como a propia valoración alcanzada no curso 2016-2017, que é alta e superior á media da USC (3,85 [2501098_MedUSC_2016-2017]). A pregunta que obtivo un resultado máis elevado foi "Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, tutorías, aula virtual, correo electrónico,...)", con 4,43 puntos e os ítems con resultado máis baixo (3,92) foron "Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia" e "Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia". Así pois, de maneira global, todos os ítems obtiveron un resultado positivo.

Con todo, a nota negativa corresponde á porcentaxe de participación, que é só moi lixeiramente superior á do curso anterior e que segue a ser moi baixa (38,12%), tal e como xa comentamos no apartado 3.1, apartado ao que remitimos para máis información e para a explicación das accións de mellora emprendidas para aumentar a participación.

Satisfacción do alumnado de 1º curso

Como xa sinalamos en 1.4, o 09/05/2017 realizamos unha enquisa ao alumnado de 1º do GLLG que asistía ás aulas de *Introdución á literatura galega 2*. Entre outras cuestións, preguntámoslle sobre o grao de correspondencia entre as expectativas sobre a titulación e a realidade encontrada. A opción maioritaria (9 das 13 respostas) é "Cumpríronse nun grao razoable". Dous dos alumnos marcaron "Cumpríronse plenamente ou superáronse as miñas expectativas" e outros dous "Decepcionoume un pouco". Os estudantes que non se mostraban satisfeitos co GLLG podían indicar as causas. Un deles sinala "que os profesores están pouco comprometidos cos alumnos e non lles importa a súa preparación", o outro non responde. Tamén lles pediamos aos alumnos que indicasen algún aspecto positivo do grao. Saliéntase aquí a implicación e calidade do profesorado (algo que contrasta coa queixa anterior), o trato de familiaridade ou o feito de que o GLLG lles permitise entender mellor aspectos da nosa cultura. Así pois, de modo xeral, podemos considerar positivos os resultados da enquisa. Continuamos ademais coa tendencia positiva que comentabamos no IRA, ao que remitimos para máis información sobre os resultados obtidos noutros cursos.

Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas

Por primeira vez, estudantes do GLLG cubriron a enquisa de satisfacción co programa de prácticas externas, aínda que só o fixeron dous dos 6 alumnos matriculados (33,33%) (INF.06). Vinculamos este avance coa acción de mellora proposta no IRA (AM3.1_III_2), destinada ao fomento da participación na citada enquisa. Neste caso, dado que o número de alumnos era escaso, a coordinadora da titulación solicitou persoalmente aos estudantes que participaran no proceso.

Con respecto aos resultados da enquisa, aínda que non poden considerarse realmente representativos dado que, como indicamos, só recollen a opinión do 33,33% dos estudantes implicados, resultan algo preocupantes en certos ítems. A media é de 3,07 e os ítems mellor valorados foron "As instalacións e medios materiais cos que contei na empresa/institución foron suficientes para a realización das prácticas" (4), "As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación" (3,5) e "As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comenzalas" (3,5). Os peores resultados corresponden aos ítems "A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada" (2,5) e sobre todo "A información, orientación e atención prestada por parte o/a meu/miña titor/a académico da Universidade foi axeitada" (2).

Na enquisa que realizamos ao alumnado de 4º (vid. 7.2) ao finalizar o curso 2016-2017 tamén incluíamos unha pregunta sobre prácticas externas: "Se realizaches prácticas externas, indica o teu grao de satisfacción con elas". Tres persoas responderon esta pregunta, unha con 4 puntos e dúas con 2 puntos (media 2,6).

Por outro lado, a pregunta que figura na enquisa dos egresados "Se realizaches prácticas externas durante a titulación, indica en que grao consideras que completaron a túa formación" (correspondente neste caso aos egresados no curso 2015-2016) obtivo unha valoración de 3.

Creemos que a elaboración da Guía de prácticas, que inclúe unha guía para o titor académico e outra para o titor profesional, e que se aplica por primeira vez no curso 2017-2018, contribuirá a aclarar as funcións de cada un dos titores e aumentará o grao de satisfacción dos estudantes co programa de prácticas externas, pero en calquera caso transmitiremos á comisión de prácticas externas os resultados alcanzados na enquisa para que se valore a conveniencia de tomar novas medidas que incrementen a satisfacción dos estudantes.

Satisfacción dos estudantes co Traballo de Fin de Grao

Estes son os resultados das preguntas sobre o grao de satisfacción global dos estudantes coa realización do TFG extraídos da enquisa que realiza o Decanato todos os anos, correspondentes aos tres últimos cursos. Entre parénteses figura a porcentaxe de participación.

		2014-2015 (46,7%)	2015-2016 (56,3%)	2016-2017 (36,36%)
12.a.	Globalmente estou satisfeito/a coa información recibida sobre o	3,9	3,7	3,75
12.b.	Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a director/a	4,7	3,9	4,88
12.c.	Globalmente estou satisfeito/a co sistema de avaliación	4,1	4,1	3,75
12.d.	Globalmente estou satisfeito/a coa realización do TFG	4,3	4,2	4,38

Táboa 12. Satisfacción xeral do alumnado do GLLG co TFG

Os resultados son positivos: no cuarto ítem, que valora o grao de satisfacción xeral, alcánzase o resultado máis alto dos tres cursos, e o grao de satisfacción co director está próximo da máxima cualificación posible.

Sobre a valoración da adquisición das competencias, véxase 6.1.

Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade

Tamén por primeira vez contamos con participación na enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, o cal debemos poñer en relación coa tarefa 3 da acción de mellora AM3.1_III, que tiña por obxectivo aumentar a participación nestas enquisas, que nunca foran cubertas nos cursos anteriores. Para centralizar o proceso, o 19/04/2017 foi enviado un correo desde o Decanato comunicando a apertura do prazo e solicitando a participación, aínda que tamén os coordinadores de mobilidade enviaron correos electrónicos co mesmo obxectivo. Do mesmo xeito que na enquisa de prácticas externas, esta foi cuberta por 2 alumnos, o que supón un 33,33% da poboación implicada e o que determina que a enquisa non sexa altamente significativa. Os estudantes amosan en calquera caso contentamento coa súa estadía, que foi anual en ambos os casos (Erasmus Plus nun caso e SICUE noutro). Os ítems mellor valorados foron "Recomendarías ese destino?" (5), ¿Como valoras as infraestruturas e materiais dispoñibles na

universidade de acollida? (4,5), "Cal é a túa satisfacción con proceso de recoñecemento académico na USC dos estudos cursados durante a mobilidade? (4,5) e " En xeral, ¿cal é o teu nivel de satisfacción con programa de mobilidade e coa experiencia vivida?" (4,5). O peor valorado é "Como valoras a facilidade para elaborar o acordo de estudos/acordo académico na USC antes de iniciar o intercambio? (3). Todos os demais items alcanzan como mínimo os 3,5 puntos.

Na enquisa que realizamos ao alumnado de 4º (vid. 7.2) ao finalizar o curso 2016-2017 tamén incluíamos unha pregunta sobre mobilidade saínte: "Se participaches nalgún programa de mobilidade, indica o teu grao de satisfacción con el". Só responderon dous alumnos, un que valora con 4 puntos o programa e outro que o valora con 3 puntos (media 3,5).

Finalmente, na enquisa dos egresados, correspondente ao curso 2015-2016, a media para o ítem " Se participaches nalgún programa de mobilidade, indica en que grao consideras que contribuíu á túa formación" foi de 3,3.

Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade

Ofrecemos agora información sobre o grao de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade, aínda que os datos que posuímos non son específicos para o GLLG, senón comúns a todos os estudantes entrantes da Facultade de Filoloxía (con todo, debe sinalarse que a enquisa só foi cuberta polo 20,8% dos estudantes). O grao de satisfacción é moi elevado, o máis alto de todos os cursos dos que temos información (4,36; a media da USC é de 4,11). O grao de satisfacción xeral co programa de mobilidade recóllese na seguinte táboa (vid. IN16 e INF.05, Bloque 5. Satisfacción xeral).

Curso	Taxa de satisfacción
2016-2017	4,36
2015-2016	4,19
2014-2015	4,14
2013-2014	4,06
2012-2013	4,24

Táboa 13. Grao de satisfacción global dos alumnos de mobilidade entrante da Facultade de Filoloxía

O alto grao de satisfacción queda perfectamente plasmado no feito de que, segundo se recolle no INF.05, un 100% dos estudantes de mobilidade entrante da Facultade recomendaría a experiencia a compañeiros.

O ítem peor valorado é "Valora a axuda recibida polo teu coordinador académico" (2,76) seguido de "Como consideras o teu grao de integración cos estudantes locais na institución de acollida?" (2,96). Con respecto á primeira cuestión, poremos en coñecemento da nova responsable de mobilidade no centro dos resultados alcanzados de cara a valorar a conveniencia de tomar medidas para mellorar a satisfacción dos estudantes. Con todo, tal e como se deduce do grao de satisfacción xeral, non parece que estes aspectos supoñan un problema grave para o alumnado de mobilidade entrante. Finalmente, como en cursos precedentes, o ítem mellor valorado no curso 2016-2017 é o correspondente ao acceso ás bibliotecas e material de estudo, con 4,16. Debemos mencionar tamén que os alumnos de mobilidade entrante cualifican cun notable ao profesorado da Facultade, en canto ao seu nivel e á súa atención (3,88).

Podemos concluír, pois, unha valoración moi positiva da satisfacción que mostran os estudantes de mobilidade entrante coa súa estancia na Facultade de Filoloxía da USC.

Satisfacción dos egresados coa titulación

En 2.1, 5.1 e 6.1 xa aludimos aos resultados desta enquisa sobre a información recibida, sobre as xornadas de acollida e orientación organizadas na Facultade, así como sobre recursos e servizos e sobre competencias, respectivamente. Aquí mostramos os correspondentes a outras respostas. Lembremos que a última enquisa da que temos datos corresponde ao curso 2015-2016 e foi cuberta por 9 alumnos, o 56,25% dos egresados.

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala	2,67	3,03	4,20	3,11	3,75	3,07
<i>Escala de valoración desde 1(Meda) ata 5(Molto)</i>						
	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica o grao de satisfacción global co profesorado da titulación	2,67	3,02	4,80	3,15	3,67	3,05
<i>Escala de valoración desde 1(Meda) ata 5(Molto)</i>						
	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Indica a túa satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral co título	3,00	2,76	3,40	2,95	3,22	2,84
<i>Escala de valoración desde 1(Meda) ata 5(Molto)</i>						

Como se pode apreciar, existe unha considerable disparidade entre os resultados de cada curso, o que pode explicarse porque, especialmente nos cursos 2013-2014 e 2014-2015, a enquisa foi cuberta por poucos alumnos, o que implica a gran influencia de factores idiosincráticos. No curso 2015-2016 o grao de satisfacción é sempre máis alto ca na USC e en ningún caso rexistramos valoracións preocupantes. Dos tres ítems ofrecidos, o que alcanza peor grao de satisfacción é o relativo a horarios, exames... En calquera caso a media é superior á da USC, o cal debe considerarse moi positivo tendo en conta a complexidade do funcionamento da nosa Facultade, onde a necesidade de compatibilizar moitos módulos (para que os estudantes teñan máis posibilidades de escolla), determina que os horarios dos estudantes, considerados un a un, non sexan os máis idóneos.

Satisfacción do alumnado de 4º curso coa titulación

Dado que habitualmente a enquisa dos egresados era cuberta por poucos alumnos, no IRA propuñámos unha acción de mellora, AM1.3_II, consistente en realizar unha enquisa ao alumnado de 4º ao finalizar o curso. Así, o 27/04/2017 entregóuselles aos alumnos de 4º unha enquisa que tiña como obxectivo fundamental coñecer a súa valoración global do GLLG. A enquisa foi cuberta na aula por 16 estudantes. Os ítems debían ser avaliados nunha escala de 1 a 5 e baixo cada un deles os estudantes podían facer observacións (diciáselles que serían especialmente benvidos aqueles comentarios que servisen para explicar, no seu caso, o baixo grao de satisfacción). Resúmense aquí os resultados obtidos para os ítems da enquisa que non foron comentados en apartados previos:

1 Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida no GLLG:

A media é de 3,28. A nota máis baixa é de 3 e a máis alta de 4.

4 Indica o grao en que a formación recibida cumpriu as expectativas creadas previamente:

A media é de 3,2, con respostas que se sitúan entre 2 e 4 puntos.

5 Indica o grao de satisfacción global co profesorado do GLLG:

A media é de 3,3, con respostas que se sitúan entre 1 (un alumno) e 4 puntos.

No espazo que deixabamos para que os alumnos indicasen aspectos positivos do GLLG, varios mencionaron precisamente o profesorado: boa atención, disposición ou boa relación.

6 Indica a túa satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica do GLLG:

A media é de 2,18, con respostas situadas entre 1 e 5 puntos.

9 Indica a túa satisfacción xeral co GLLG:

A media é 3,22, con puntuacións entre 1 (un alumno) e 4.

A valoración máis baixa é a correspondente ao ítem número 6, pois, como foi sinalado máis arriba, os horarios están confeccionados para que os estudantes poidan compatibilizar todos os módulos e aumentar deste xeito a flexibilidade á hora de construír o seu propio currículum. De feito, no espazo que deixabamos para que os alumnos indicasen aspectos positivos do GLLG, algúns estudantes sinalaron precisamente a flexibilidade para combinar diferentes

materias ou a estrutura modular como a característica máis salientable. Esta flexibilidade é incompatible coa existencia duns horarios máis racionais considerados individualmente.

Todos os profesores de lingua e literatura galega recibiron un informe detallado dos resultados da enquisa realizada ao alumnado de 4º curso (informe recollido no documento xeral sobre as reunións de coordinación co alumnado). Ademais, tamén se elaborou un informe cos resultados daqueles ítems que tiñan relación directa co Decanato, que foi enviado á Vicedecana con competencias en asuntos académicos e calidade.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida e coa titulación

No curso 2016-2017 aumentou a satisfacción do profesorado coa docencia impartida con respecto aos cursos anteriores, situándose en 3,96 puntos (IN47-S01-PM-01). Aumentou tamén a porcentaxe de participación, que foi do 40,82%, a máis alta de todos os cursos (INF. 14). Un curso máis, o ítem peor valorado é "O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia", ao que lle corresponde unha media de 3,46 puntos, que en calquera caso é considerablemente superior á de cursos previos, onde a valoración máis alta fora de 3,12 no curso 2014-2015. O ítem mellor valorado é o relativo á coordinación entre o profesorado dunha mesma materia, con 4,38. O resultado é positivo e mostra que o profesorado do GLLG está satisfeito coa docencia que imparte.

Con respecto ao grao de satisfacción do profesorado coa titulación (INF. 23), os profesores do grao en lingua e literatura galegas móstranse altamente satisfeitos en todos os aspectos da enquisa. Ademais do xa comentado nos apartados 2, 3 e 6 deste IS, cómpre engadir o seu alto grao de contentamento coa planificación e desenvolvemento da ensinanza, onde o resultado máis baixo é de 4,29 (calendario de probas de avaliación).

Satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas

O grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas que realiza é moi elevado, cunha media de 4,30 para o curso 2016-2017, moi similar á do curso anterior (INF.10). A valoración máis baixa corresponde ao ítem "Información previa recibida do curso", con 4,03. O ítem "Recomendaríalle vostede a outros/as compañeiros/as que se matriculasen neste curso" obtivo a valoración de 4,30. Debe sinalarse, con todo, que se trata dunha enquisa xeral de todo o profesorado da USC (cunha taxa de participación no 2016-2017 do 52,65%) e non especificamente do profesorado do GLLG, para o que carecemos de datos individualizados. En calquera caso, parece evidente que os resultados son enormemente positivos.

Titores académicos das prácticas externas

No curso 2016-2017, curso en que por primeira vez se nomearon titores académicos específicos para cada alumno de prácticas (previamente o titor académico de todos os estudantes de prácticas era o coordinador académico), ningún deles cubriu a enquisa de satisfacción. En consecuencia, non podemos facer unha valoración do seu grao de satisfacción. Para incrementar as taxas de participación, propoñemos como AM enviar desde a coordinación do GLLG un correo aos titores académicos no momento de elaboración das enquisas animándoos a participar (GLLG_AM-2).

Persoal de administración e servizos

Satisfacción global do PAS

O PAS da Facultade de Filoloxía refire un grao de satisfacción bastante elevado na realización do seu traballo, segundo se recolle no INF. 21. As valoracións mantéñense practicamente iguais en todos os ítems ou mesmo ascenden lixeiramente en "Síntome parte dun equipo de traballo". A satisfacción coa "Dirección da unidade", a "Comunicación", os "Espazos e recursos", a "Formación" e "Satisfacción global" mantéñense moi próximos dos valores alcanzados no curso anterior e, en xeral, próximos da media xeral da USC. Se cadra os resultados que presentan unha baixada da puntuación máis acusada son os que teñen que ver coa "Implicación na mellora", pero haberá que esperar aos resultados vindeiros para constatar se se trata dunha baixada puntual (que, en calquera caso, non chega ao medio punto) ou se se confirma unha tendencia descendente.

A taxa de participación foi do 57,7%, algo inferior á do curso previo (64,3%), pero superior á do primeiro curso en que se fixeron estas enquisas, o 2014-2015 (42,9%).

Satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas

Aínda que non tan altamente positiva como no caso do profesorado, a satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas é tamén moi elevada, cunha valoración media de 3,91 para o ano 2016. Un 79,91% do persoal que cubriu a enquisa recomendaría a realización do curso. O ítem peor valorado ten que ver un ano máis coa información previa recibida sobre o curso (3,56), pero a puntuación non pode considerarse negativa. Como indicamos para o profesorado, a enquisa corresponde a todo o PAS da USC, non exclusivamente ao da Facultade de Filoloxía e a taxa de participación foi do 66,81%.

Outros grupos de interese

Titores profesionais das prácticas externas

Os titores profesionais, un curso máis, non cubriron as enquisas de satisfacción, de modo que non podemos facer unha valoración do seu grao de satisfacción. Para incrementar as taxas de participación, propoñemos como AM enviar desde a coordinación do GLLG un correo aos titores profesionais no momento de elaboración das enquisas animándoos a participar (GLLG_AM-2).

Finalmente, cómpre sinalar que no *Informe de Evaluación para la Renovación de la Acreditación* sinalase: "Tanto alumnos como egresados recomendarían estudar este Grado en la USC, lo que demuestra una elevada satisfacción de los colectivos entrevistados, incluidos profesorado y empleadores".

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non contamos con información nova sobre inserción laboral, polo que remitimos ao IRA para a súa análise.

